

MEMORIA ANUAL

**CURSO ESCOLAR
2015-2016**

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN

INDICE
1.- Introducción
2.- Obxectivos xerais
2.1. Avaliación individualizada en 3º de primaria
2.2. Concreción anual do Plan de Introducción das TIC
2.3. Concreción anual do Plan Lector
2.3.1. Grao de cumprimento dos obxectivos
2.3.2. Dinamización da biblioteca escolar
2.3.3. Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas
2.3.4. Itinerarios lectores
2.3.5. Actividades
2.3.6. Ler en familia
2.3.7. Avaliación
3.- Concreción do Proxecto de Dirección
4.- Memorias dos equipos docentes de nivel/ciclo
4.1. Educación Infantil
4.2. Primeiro e Segundo curso de primaria
4.3. Terceiro e Cuarto curso de primaria
4.4. Quinto e Sexto curso de primaria
5.- Equipo de Dinamización Lingüística
6.- Comisión de Coordinación Pedagóxica
7.- Departamento de Orientación
7.1. Memoria Aula Específica Educación Especial
8.- Comisión de Convivencia
9.- Biblioteca
9.1. Organización e xestión da biblioteca
9.2. Formación de usuarios e educación documental
9.3. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector de centro
10.- Memoria da Comisión TIC
10.1. Obxectivos propostos na PXA.
10.2. Obxectivos non incluídos na PXA
10.3. Propostas de mellora
11.- Memoria EACE
11.1. Memoria das actividades de inglés
11.2. Memoria das Actividades Complementarias
11.3. Memoria do Horto Escolar
11.4. Memoria da Comisión de Teatro

12.- Memoria dos Servizos Complementarios
12.1. Transporte escolar
12.2. Servizo de Comedor Escolar, Programa Madrugadores e Actividades Extra-escolares
12.2.1. Servizo de Comedor Escolar e Madrugadores
12.2.2. Programa de Madrugadores
12.2.3. Programa de Comedor
12.2.4. Actividades Extra-escolares
12.2.4.1. Actividades creativas e de movemento desenvoltas por "Axiña"
12.2.4.2. Actividades deportivas
12.2.4.3. POE, Deporte no Centro (Concello e Federación ANPAS)
12.2.4.4. Campamento de verán 2015
12.2.4.5. Fin de curso e avaliación de actividades
12.2.4.6. Outras actividades realizadas pola ANPA durante o curso
13.- Situación das instalacións e equipamentos
13.1. Actuacións realizadas polo Concello
13.2. Actuacións realizadas pola Consellería de Cultura, Educación e O.U
13.3. Actuacións realizadas polo propio centro
14.- Libros de texto e material complementario
ANEXO I (LIBROS DE TEXTO)

1.- INTRODUCCIÓN

Finaliza o curso escolar 2015-2016, co funcionamento a pleno rendemento das instalacións do novo Aulario para o 2º Ciclo de Educación Infantil e Comedor Escolar.

A redución, da plantilla de especialistas de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica, realizada pola Xefatura de Inspección Educativa, ao inicio do actual curso escolar respecto de cursos anteriores, resultou significativamente negativa para o funcionamento do colexio. A posterior incorporación de 1/2 especialista de AL e 1/2 especialista de PT non paliou completamente as necesidades de atención do alumnado de necesidades educativas de apoio educativo (n.e.a.e.).

A tardía publicación da Orde de Avaliación na educación primaria realizada o día 10 de xuño pola Consellería de Cultura, Educación e O. U. dificultou notablemente cumprimentar por parte do profesorado dos documentos de avaliación e de información ás familias, así como a elaboración dos informes finais do expediente académico. Quedou aprazada a avaliación das competencias ata o vindeiro curso escolar

O alumnado de 5º curso de educación primaria participou no Proxecto E-Dixgal de libro dixital empregando a plataforma virtual de aprendizaxe EVA.

O Proxecto Abalar continuou o seu desenvolvemento nas aulas de 6º curso de educación primaria nas que o profesorado titor empregou as aulas virtuais para complementar recursos dixitais que favoreceron as aprendizaxes do alumnado. Por outra parte, grazas ao convenio de colaboración coa ONG Axuda en Acción, o alumnado de 5º e 6º de educación primaria traballou gratuitamente coa ferramenta dixital Smartick para o reforzo das matemáticas.

O alumnado de 5º curso de educación primaria participou no marco do Programa GEN10S nun proxecto de Axuda en Acción, coa colaboración de Google.org, cuxo obxectivo é educar en programación aos nenos e nenas no noso país para fomentar unha maior igualdade de oportunidades no aproveitamento da contorna dixital e reducir as barreiras socio económicas e de xénero.

O profesorado participou por segundo ano consecutivo nun Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) relacionado coa utilización didáctica das TIC e tamén na formación específica do Proxecto de libro dixital E-Dixgal.

Continuouse cos proxectos que achegaron ao noso alumnado ao mundo da natureza, tales como o Proxecto de Horto Escolar e Voz Natura.

O alumnado do 1º e 2º cursos de educación primaria, así como o da aula de educación especial, participou na convocatoria do Plan Proxecta desenvolvendo o

proxecto “Protexe os animais” e acadando o 1º Premio.

Iniciouse a creación dun Club de Xadrez en colaboración con AGAX na que participaron un grupo de 30 alumnos/as

Co éxito acadado en cursos anteriores no Certame de Teatro Escolar e Afeccionado “Candilejas Don Bosco”, participouse con 69 alumnos/as no XIX Certame, coa adaptación da ópera titulada “O Lago dos cisnes”, acadándose por cuarto ano consecutivo, o primeiro premio na categoría infantil. Estes premios resaltaron o excelente traballo realizado por un grupo de mestres e mestras, que contaron coa colaboración da Comisión de Teatro, do persoal non docente do centro, de colaboradores externos ao centro e coa achega económica da ONG Axuda en Acción.

Asimesmo outros grupos de alumnos/as traballaron intensamente ao longo de todo o curso na realización de obras teatrais representadas no propio colexio para o resto de alumnado e tamén para as súas familias.

Mantivemos o compromiso de potenciar a lingua galega nas actividades diarias do centro escolar e participouse na convocatoria anual de Axudas do Fomento do Galego.

Participamos nun simulacro de emerxencia no que o alumnado de educación infantil realizou un confinamento na propia aula e o alumnado de educación primaria unha evacuación do edificio. O profesorado e o persoal non docente participou nas sesións formativas sobre o Plan de Autoprotección Escolar organizadas no propio centro.

A colaboración da ANPA púxose outra vez de manifesto coa subvención das actividades de teatro en lingua inglesa, das viaxes didácticas do alumnado máis desfavorecido e coa colaboración nas festas de magosto/entroido e organización da festa de fin de curso.

Aproveitouse o antigo edificio de educación infantil para a realización da totalidade das actividades extraescolares organizadas e xestionadas polo ANPA Milnen@s. As actividades deportivas de iniciación ao deporte de equipo tiveron lugar no Polideportivo Municipal de Los Rosales como en cursos anteriores. A Biblioteca Escolar mantivo a súa apertura no horario de tarde cunha baixa asistencia do alumnado.

No actual curso escolar contamos coa presenza dunha alumna de nacionalidade alemá que realizou as súas prácticas internacionais titorizada por unha mestra de inglés. Tamén contamos coa participación de moito alumnado da UDC que realizou o Practicum I-II nas aulas de educación infantil e primaria, así como dunha alumna da Universidade de Alcalá de Henares que fixo as súas prácticas na Aula de Educación Especial en centro ordinario. A maiores colaboramos co persoal investigador da Universidade da Coruña e Universidade de Santiago de Compostela nos seus Traballos de Fin de Grao.

2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO

- Actualizar o Proxecto Educativo de Centro. (En proceso)
- Actualizar o Plan de Acción Titorial. (En proceso)
- Actualizar o Proxecto Lingüístico do Centro. (Acadado)
- Incluír no proxecto educativo, nas programacións didácticas e na Programación Xeral Anual a idea da necesidade da lectura. (En proceso)
- Potenciar o emprego de ferramentas dixitais para o reforzo das Matemáticas. (Acadado)
- Iniciar ao alumnado de 5º de primaria no campo da programación tecnolóxica asociada á educación en valores, grazas ao Convenio de colaboración coa ONG: Axuda en Acción. (Acadado)
- Vivenciar a horta escolar como vínculo de unión entre todo o colexio. (Acadado)
- Consolidar o proxecto de teatro coa creación dunha comisión específica. (Acadado)
- Constituír a Comisión de Auto-protección escolar. (Acadado)

2.1.- AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA EN 3º EP E DE FINAL DE PRIMARIA

Na avaliación individualizada do alumnado de 3º curso de primaria realizada o curso anterior reseñamos un absentismo motivado pola decisión dalgunhas familias de impedir a participación dos seus fillos na mesma como medida de protesta e rexeitamento deste tipo de probas, afectando a un 20 % do alumnado. No actual curso escolar a implantación das probas LOMCE de carácter individualizado para o alumnado de 3º e 6º cursos de primaria, supuxo un claro rexeitamento deste tipo de probas por parte das familias. Cun elevado custe organizativo por parte do centro para crear as condicións idóneas de aplicación e corrección, as avaliacións individualizadas LOMCE en 3º e de final de primaria (6º), fixéronse cun alto absentismo entre o alumnado, 53 % e 85 % respectivamente.

O retraso por parte da Consellería de Cultura, Educación e O. U., na publicación dos resultados obtidos polo alumnado, non permitiu a entrega ás familias dos correspondentes informes no actual curso escolar.

A aplicación das probas da avaliación final de educación primaria realizouse os días 11, 12 e 13 de maio. A aplicación das probas da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria realizouse os días 24 e 25 de maio.

As Competencias obxecto de avaliación foron:

1. Na avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria avalíouse a

competencia en comunicación lingüística e a competencia matemática.

2. Na avaliación de final de educación primaria avalíase a competencia en comunicación lingüística, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa.

A Comisión de coordinación da avaliación individualizada quedou constituída polos seguintes membros:

- a) O director do centro, que actuou de presidente.
- b) O xefe de estudos.
- c) A xefa do departamento de orientación.
- d) Unha titora de 3º e un titor de 6º curso de educación primaria.

Aos efectos de corrección dos caderniños do alumnado, a citada comisión estableceu, que foran os/as titores/as de 4º e 5º cursos de educación primaria os encargados da súa valoración.

2.2.- CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC

A formación do profesorado no curso 2015-2016 estivo enmarcada na modalidade de PFPP (Proxecto de Formación Permanente do Profesorado). Mediante a realización de 2 itinerarios formativos: Inicial / Avanzado. O profesorado participante desenvolveu a liña de traballo titulada: *Utilización na docencia das ferramentas TIC básicas e uso das potencialidades da aula Abalar e manexo da aula virtual.*

A participación do profesorado nesta modalidade formativa finaliza dándose por rematado o PFPP e sen continuidade no vindeiro curso.

A incorporación do alumnado de 5º de educación primaria ao Proxecto E-Dixgal co libro dixital supuxo un paso adiante no aproveitamento dos recursos TIC do noso centro.

2.3.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

2.3.1.- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

Consideramos que os obxectivos programados no Plan Anual de Lectura cumpríronse en liñas xerais satisfactoriamente, aínda que hai outros que para acadalos necesitan máis tempo.

2.3.2.- DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

Ver Memoria da B. E.

2.3.3.- RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS

Dende o curso 2003-2004 levamos a cabo o “**Programa de Lectura Silenciosa Sostida**”. Co tempo fóronse introducindo nalgunhas aulas certas modificacións, como, por exemplo, a lectura colectiva no terceiro ciclo que combinan coa lectura individual e que van flexibilizando, enriquecendo e axustando o proxecto aos lectores.

2.3.4.- ITINERARIOS LECTORES

Seleccionáronse unha serie de títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función dos obxectivos recollidos no Proxecto Lector. Son os seguintes:

Primeiro Curso:

- “Feliz Feroz”. El Hematocrítico
- “Rata Linda de Compostela”. Bernardino Graña

Segundo Curso:

- “Coller as rendas”. Yolanda Castaño
- “A galiña azul”. Carlos Casares
- “Un tren cargado de misterios”. Agustín Fernández Paz
- “Cartas a Ratón Pérez”. Antonia Rodena
- “Días de gatos”. Violeta Monreal
- “Sultán non ten microchip”. Serie Os Bolechas. Pepe Carreiro

Terceiro Curso:

- “O trompetista e a lúa”. Xelís de Toro

Cuarto Curso:

- “Cabeciña a paxaros e outras historias”. Gloria Sánchez
- “Ese no es mi zoo”. Elvira Menéndez

Quinto e Sexto Cursos:

- “Palabras de Caramelo”. Gonzalo Moure
- Serie Formig4s: “Misión París”, “Misión Barcelona”, “Misión Nova York”.
Pere Tobaruela

2.3.5.- ACTIVIDADES

E. INFANTIL

- Continuouse co Proxecto Lector.

- Sesións diarias de lectura nas aulas, nas que se manexaron todo tipo de textos.
- A principio de curso os alumnos de 4 e 5 anos asistiron a unha actuación do grupo Polo Correo do Vento: contacontos con ilustración feita en directo. O conto elixido foi “O galo Manolo e a pita Agapita”.
- Sesión de contacontos en inglés.
- Actividade de identificación das etiquetas dos diversos tipos de libros da B. Escolar
- Uso de material multimedia e utilización das novas tecnoloxías na animación á lectura.
- Elaboración de “Libros de nomes” e o “Conto viaxeiro” en colaboración coas familias e logo presentación dos mesmos nas aulas e tamén ás familias.
- Actividades de dramatización e representación de poesías, contos e ditos populares.
- No tempo do “Día das Letras Galegas” realizáronse actividades sobre Manuel María.
- Colaboración coas familias: Ao principio de curso solicitouse a cada familia que aportase un conto para a biblioteca de aula, utilizándose logo estes contos para animación á lectura e como complemento ás actividades de aula.
- O profesorado de apoio seguiu traballando o gusto pola literatura a través de actividades plásticas, o encerado dixital interactivo e a lectura de libros.

1º e 2º CURSOS

- Participación no P.L.S.S.
- Visitas guiadas a B.E., especialmente a principios de curso, para coñecer ou volver lembrar seccións, funcionamento, ...
- Presentacións aos alumnos en momentos puntuais de novidades de libros, textos diversos, ...
- Narración de contos, poemas,... polos profesores ou alumnos.
- Lectura diaria nas aulas de todo tipo de textos, unhas veces de xeito silencioso e individual e outras colectivamente.
- Dramatización dalgunhas das lecturas lidas.

- En 1º, lectura de dous libros: un en castelán e outro en galego:
 - “Feliz Feroz” de El Hematocrítico
 - “Rata Linda de Compostela” de Bernardino Graña.
- En 2º, lectura de cinco libros: dous en galego e tres en castelán
 - “Coller as rendas” de Yolanda Castaño
 - ”A galiña azul” de Carlos Casares
 - “Un tren cargado de misterios” de Agustín Fernández Paz
 - “Cartas a Ratón Pérez” de Antonia Rodena
 - “Días de gatos” de Violeta Monreal
- Tamén léronse en 1º tres antoloxías de textos diversos e en 2º catro.
- Día de Rosalía: Participación neste día coa lectura de poesías da autora nas aulas e coa intervención dalgúns alumnos na lectura de poemas pola megafonía na Hora de Ler.
- Día das Letras Galegas: Lecturas, dramatizacións e cancións a partir dos poemas de Manuel María.
- Día do Libro: Lectura adaptada do 1º capítulo do Quijote co visionado na encerado dixital da aventura dos muíños da serie de animación “Don Quijote de la Mancha”
- Realización de actividades plásticas e literarias relacionados coas lecturas mencionadas e outras: Marcapáxinas, murais, actividades de escritura e plásticas.
- Visita guiada á Biblioteca Municipal de Los Rosales por parte dos alumnos de 2º: Nesta visita que levaba por título “Xuizo ao lobo feroz” o tema central era o álbum ilustrado e a lectura de imaxes, dándolle un certo protagonismo aos contos clásicos da literatura infantil.
- Encontros con autores:
 - O alumnado de 2º, despois de ler o libro “Coller as rendas” e traballar tamén sobre as ilustracións de animais mariños do libro, mantivo un encontro coa escritora Yolanda Castaño.
 - Sesión de contacontos en 1º.
 - Sesión de contacontos en inglés.
- Asistencia a representacións teatrais:
 - Aladino e a lámpara maravillosa- teatro de títeres
 - O lago dos cisnes

- Os contos de Manuel María
- Colaboración das familias con aportacións de contos, cómics,... para a biblioteca de aula.
- Tamén as familias colaboraron axudando aos seus fillos na confección de receitas para a elaboración dun libro recopilatorio de receitas de castañas no que participaron todos os niveis.

3º e 4º CURSOS

- Participación no P.L.S.S.
- Lectura de libros:
 - En 3º: “O trompetista e a lúa” de Xelís de Toro
 - En 4º:
 - “Cabeciña a paxaros e outras historias” de Gloria Sánchez
 - “Ese no es mi zoo” de Elvira Menéndez
- Sobre todos estes libros realizáronse diversas actividades: posta en común, actividades de expresión oral, escrita e creación artística.
- Lectura en 4º dun libro en inglés: “Dogs”
- Sesión de contacontos en inglés.
- Visita guiada á Biblioteca Municipal de Los Rosales por parte dos alumnos de 4º. Nesta visita que levaba por título “Mensajes en botellas” o tema central era que a información pódese presentar en distintos soportes e que é posible atopar o que buscan utilizando os recursos das bibliotecas.
- Encontros con autores:
 - Tras as lecturas dos libros mencionados anteriormente, o alumnado de 3º participou nun encontro literario co escritor Xelís de Toro.
- Asistencia a representacións teatrais:
 - O lago dos cisnes
- Iniciación ao cine clásico:
 - Os alumnos de 4º visionaron a película “El mundo perdido” e posteriormente realizaron un breve traballo.
- Elaboración de receitas para un libro recopilatorio de receitas de castañas no que participou todo o Centro.

5º e 6º CURSOS

- Participación no P.L.S.S.
- Traballáronse todas as actividades propostas na P.X.A. para o Plan Anual de Lectura, que o Ciclo valora positivamente.
- Combináronse nas diversas titorías distintas modalidades de lectura: dramatización, lectura colectiva, lectura silenciosa, recitación,...
- Nalgunhas titorías a biblioteca de aula está informatizada e o propio alumnado é o encargado da súa xestión: rexistro, préstamos, devolución, lecturas recomendadas,...
- Lectura en 5º e 6º dos libros:
 - “Palabras de Caramelo” de Gonzalo Moure
 - “Misión París”, “Misión Barcelona” e “Misión Nova York” da serie Formig4s de Pere Tobaruela
- Lecturas en inglés en 5º: “Pumpkins”, “London” e “New York”.
- Lecturas en inglés en 6º: “The deep”, “Life in the desert” and “Great inventions”.
- Sesión de contacontos en inglés.
- Encuentros con autores:
 - Todo o alumnado de 5º e 6º mantivo un encontro literario cos escritores Gonzalo Moure e Pere Tobaruela.
- Elaboración de receitas para un libro recopilatorio de receitas de castañas no que participou todo o Centro.
- Dramatización por parte dun grupo de alumnos de 5º A de E. P. e 5º B de E. I. de “Os contos de Manuel María”.
- Asistencia a representacións teatrais:
 - Os contos de Manuel María
 - O lago dos cisnes, dramatizada polo grupo teatral do Centro.
- **ACTIVIDADES XERAIS DA BIBLIOTECA ESCOLAR**
 - Ver Memoria da Biblioteca.

2.3.6.- LER EN FAMILIA

Animouse ás familias (a través das reunións colectivas ou das titorías individuais) para que colaboraran na consecución do obxectivo de facer lectores pois a súa axuda é fundamental para o éxito desta empresa.

2.3.7.- AVALIACIÓN

En 1º e 2º curso a avaliación efectuada sobre o Plan Anual de Lectura é positiva. Atópanse algunhas dificultades ao principio do curso nos alumnos de 1º para centrarse nos 20 minutos da “Hora de Ler” pero logo se adaptan á dinámica.

En 3º e 4º estiman en xeral positiva a avaliación.

En 5º e 6º consideran a avaliación positiva. No caso dos alumnos non lectores observaron que prenden máis a atención nas lecturas colectivas e nos encontros con autores.

3.- LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN PARA ACADAR NO ACTUAL MANDATO DA DIRECCIÓN.

OBXECTIVO 1: *Afondar na implicación de todo o profesorado no desenvolvemento dos distintos Plans de Centro: Plan Lector, Plan Lingüístico, Plan TIC, Plan de Convivencia.*

Este obxectivo acadouse mediante a asignación por parte da Xefatura de Estudos, dun horario semanal específico de atención a cada un dos plans de centro, para cada coordinador/a. Tamén contribuíron os restantes membros dos equipos e comisións nas súas horas de dinamización e tamén de coordinación didáctica dos luns pola tarde.

OBXECTIVO 2: *Acadar unha mellor xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais, unha educación de calidade acadando o máximo desenvolvemento posible das capacidades do alumnado e adaptada as súas necesidades.*

Para a consecución deste obxectivo a Xefatura de Estudos, en coordinación co Departamento de Orientación, asignou as mellores combinacións horarias posibles do profesorado, para acadar a máxima atención do alumnado, promovendo a realización de apoios nas aulas ou co alumnado que presentou maiores dificultades de aprendizaxe. Se ben é fundamental mencionar as dificultades de atención ao alumnado con NEE e con NEAE pola insuficiencia de persoal especialista en Audición e Linguaxe.

OBXECTIVO 3: *Afondar no fomento dunha educación para a igualdade e a coeducación evitando os comportamentos sexistas.*

Aos efectos da consecución deste obxectivo a Xefatura de Estudos asumiu a coordinación do Comisión de Convivencia. Por outra parte buscouse unha implicación máis directa da persoa encargada de coeducación, nomeada no seo do Consello Escolar, coa elaboración ou adquisición de recursos e estratexias didácticas no mundo da coeducación.

OBXECTIVO 4: *Afondar na dinamización dos órganos de goberno e coordinación docente.*

A participación do profesorado, dos pais e das nais, do persoal non docente e da representante municipal no seno do consello escolar fíxose con normalidade durante o curso escolar. Por outra parte continuouse coa ausencia dunha das persoas representantes do sector de pais/nais electo/as, non se fixo efectiva polo momento, por incompatibilidade horaria coas reunións realizadas. Fixéronse un total de 5 reunións ordinarias.

Respecto do Claustro de Profesorado cabe mencionar que as sesións realizadas desenvolvéronse con normalidade para atender as necesidades de funcionamento do centro escolar. Fixéronse un total de 6 reunións ordinarias e 1 extraordinarias.

Os equipos e comisións constituídos no centro: Biblioteca, EACE, EDLG, Horto Escolar, Comisión de Teatro e TIC celebraron un total de 7-8 reunións ordinarias, nas que desenvolveron os obxectivos da PXA e outros temas relacionados co funcionamento do centro.

Os equipos docentes de nivel/ciclo reuníronse os luns polas tardes, seguindo o calendario establecido. Realizaron entre 8-10 reunións mensuais, segundo os diferentes niveis/ciclos abordando os temas recollidos na PXA e outros temas relacionados co funcionamento do centro.

Realizáronse trimestralmente 3 sesións de avaliación do alumnado por cada un dos niveis e cursos, nas que participaron tódolos docentes do centro.

OBXECTIVO 5: *Revisar o Proxecto Educativo de Centro (PEC) e integrar nel todos os plans (Plan Lector, Plan Lingüístico, Plan TIC, Plan de Convivencia, Plan Xeral de Atención á Diversidade, Plan de Orientación e Acción Titorial) adaptándoos á lexislación vixente; así como, a introdución das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) coas addendas aprobadas nos últimos cursos referidas ao reagrupamento do alumnado ao finalizar cada ciclo e a*

atención do alumnado nas entradas e saídas do centro escolar.

Este obxectivo continúa a estar en proceso, dado que require facer un estudio da normativa actual para adecuar as nosas normas de organización e funcionamento. As constantes publicacións de protocolos de actuación realizadas pola Consellería de Cultura, Educación e O. U. obrigou á dirección do centro a facer unha lectura pormenorizada de cada un deles, motivando un novo aprazamento da revisión do PEC ata o vindeiro curso escolar. Aos efectos de dar a coñecer tódolos protocolos existentes habilitouse un espazo propio para o profesorado na web do centro.

OBXECTIVO 6: *Continuar co traballo de coordinación interciclos e unificar criterios metodolóxicos, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica e os Equipos de Nivel e Ciclo.*

Este obxectivo estará sempre en proceso de consecución xa que a coordinación do profesorado é unha necesidade permanente.

OBXECTIVO 7: *Elaborar o Plan de Auto-protección escolar. Establecendo os contactos necesarios cos responsables municipais e autonómicos dos servizos de emerxencias, unidade técnica de educación, e outros servizos que se precisen.*

A este respecto a dirección do centro participou nas reunións da Asociación de Directores da cidade da Coruña, nas que acordárase en anos anteriores, solicitar ao Concello da Coruña a redacción dos diferentes Plans de Autoprotección dos centros educativos, así como dos simulacros de evacuación., pero dado que o concello non fixo efectiva esta solicitude, o noso centro contratou a unha empresa especializada para elaborar o Plan de Autoprotección Escolar. Realizáronse actividades formativas sobre evacuación e primeiros auxilios dirixidas ao profesorado e ao persoal non docente, previas á realización do Simulacro de Emerxencias.

O Plan de Autoprotección Escolar elaborado pola empresa Previnem, permitirá realizar anualmente sendos simulacros de emerxencia en cada un dos edificios cos que conta o colexio.

OBXECTIVO 8: *Continuar traballando a prol da lingua galega, participando naquelas convocatorias de actividades de innovación educativa que xurdan por*

parte dos diferentes entes oficiais.

Neste eido continuouse coa participación do noso centro na convocatoria de Proxectos de Fomento da Lingua Galega, se ben declinouse participar na convocatoria de Proxectos de Innovación en Dinamización Lingüística pola escasas posibilidades de obter algún premio.

OBXECTIVO 9: *Estudar e valorar a posibilidade de participar en seccións bilingües*

Este obxectivo quedou anulado por carecer o centro de profesorado cos requisitos necesarios para a súa realización.

OBXECTIVO 10: *Solicitar das administracións públicas as melloras infraestructurais necesarias, así como velar polo cumprimento da construción do novo edificio para educación infantil e comedor escolar.*

Coa inauguración o día 7 de abril de 2015 do novo aulario Infantil fíxose realidade o esforzo de toda a comunidade educativa ao longo dos últimos anos. Por outra parte, a confirmación por parte do SME do Concello da Coruña, da restauración durante verán do ano 2016, do tellado do edificio de educación primaria culmináronse algunhas das peticións de melloras realizadas ao longo do curso.

Cabe sinalar os defectos de construción do novo aulario infantil, que causaron varios anegamentos dos corredores e aulas por mor de problemas de selado das xuntas de neopreno na cuberta do edificio. Tamén foi necesaria crear unha nova conexión de auga para o aulario infantil para permitir un correcto funcionamento dos suministros sanitarios.

Os problemas de funcionamento do sistema de calefacción e ventilación orixinados polo anegamento dalgunhas das maquinarias do novo aulario obrigaron a manter un permanente control das instalacións de climatización

No referente ao edificio de educación primaria cabe destacar os problemas eléctricos na planta baixa, asociados a un alto consumo do equipamento de copiadoras e equipamento informático, sendo necesarias varias intervencións do equipo de reparacións do Servizo Municipal de Educación.

OBXECTIVO 11: *Continuar coa transformación do colexio nun centro dixital, tanto nos aspectos didácticos coma nos referidos ás canles de comunicación entre tódolos sectores da comunidade educativa.*

Continuouse traballando na resolución de incidencias no equipamento TIC do colexio, tanto do Proxecto Abalar coma do resto dos equipos, chegándose ao convencemento da necesidade de renovar os ordenadores das aulas e dependencias do centro, para adecualos ás demandas do profesorado. A contratación dunha empresa de mantemento informático fíxose buscando unha axilización na resolución de incidencias, se ben podemos sinalar que non resultou totalmente satisfactoria. Os altos custes de renovación dos equipos informáticos impediron a substitución dos equipos máis obsoletos.

Co obxecto de favorecer a incorporación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no desenvolvemento da actividade educativa, participouse no Proxecto Educación Dixital E-Dixgal en 5º de primaria. O espazo Virtual de Aprendizaxe (EVA) aloxou os libros e outros materiais dixitais cos que o alumnado desenvolveu a totalidade do currículo.

4.- MEMORIAS DOS EQUIPOS DOCENTES DE NIVEL / CICLO

4.1.- EDUCACIÓN INFANTIL. *(borrador)*

O curso 2015-2016 foi o primeiro que transcorreu enteiro xa no edificio novo de Educación Infantil. En xeral, todas as mestras pensamos en que co cambio saímos gañando en moitos aspectos, como as entradas e saídas dos alumnos/as, que se fan moito máis doadas. As aulas son pequenas con respecto ás do antigo edificio, pero todos os grupos adaptáronse ben a elas. O ter baño dentro das aulas é tamén unha novidade moi positiva.

O erro máis grande que lle vemos todas é o tamaño do patio, que se fai moi pequeno para todos os alumnos/as do ciclo. Ademais, no mesmo, e a pesar de contar con varios columpios, non hai moitas posibilidades de xogo, pois non hai espazos verdes onde poder atopar elementos naturais para xogar. Os nenos/as no patio actual tropezan moito uns cos outros e predominan moito os xogos ás loitas, xa que non teñen moitas máis opción. É por tanto un aspecto a mellorar de cara ó ano próximo.

A calefacción tamén foi motivo dalgún problema, xa que estropeouse varias veces e custounos moito dar coas temperaturas axeitadas para non pasar frío nin calor nas aulas. Tivemos tamén algunha inundación, principalmente por anegarse os canalóns.

O primeiro día lectivo deste curso tivemos unha sesión de Contacontos ilustrado a cargo do grupo "Polo Correo do vento". Os nenos escoitaron un conto mentres un ilustrador facía uns debuxos en directo. Despois realizaron eles mesmos os seus

debuxos guiados polos contacontos.

O primeiro mes de curso caracterizouse pola incomodidade de ter que reorganizar varias veces os horarios de gardas de patio e de transporte por recibir en distintas datas a dúas mestras, unha de Pedagogía Terapéutica e outra de Audición en Linguaxe.

A maiores, e tras expoñelo á dirección nun Claustro, dúas mestras de Inglés formaron este curso parte das quendas de vixilancia para os recreos de Infantil.

O período de adaptación transcorreu con normalidade, incorporándose 65 nenos/as repartidos nos tres grupos.

Durante todo o primeiro trimestre, 5 grupos contaron cunha mestra en Prácticas estudante de Ciencias da Educación. No segundo, un grupo contou cunha alumna do prácticum do Mestrado Universitario en Didácticas Específicas.

Ao longo do curso, tiveron lugar ás seguintes celebracións:

- Halloween: exposición de cabazas
- Magosto, 6 de novembro, co reparto de castañas pola castañeira, exposición de receitas, realización de zonchos....
- Nadal: decoramos as portas e fixemos adornos con material de refugallo.
- Día da Paz: 29 de xaneiro: acto conxunto con Primaria
- Entroido: carnaval choqueiro o 4 de febreiro e aniversario de Cervantes o día 5 de febreiro
- Desfile de gorros de pascua
- Día de Rosalía: 24 de febreiro
- Letras Galegas: aproveitando esta data, ademais de actividades relacionadas con Manuel María, tiveron lugar as actuacións de despedida do ciclo dos alumnos/as de 6º de infantil.
- Os/As alumnos/as de 4 anos realizaron en dous días unha visita ao museo de A Fundación Coruña, onde participaron no taller “O pincel que non sabía pintar”.
- O ciclo enteiro visitou, como saída de fin de curso, a Granxa de Beelle, en Neda. A excursión realizouse por niveis e tivo moito éxito nos tres casos.

Na xornada de portas abertas, o Director, a coordinadora e as profesoras de apoio do ciclo, fixeron visita guiada ós pais que desexaron coñecer ó colexio.

No mes de xuño participamos nun simulacro organizado por Previnem, no que primeiro realizamos un confinamento dos alumnos nas aulas e, seguidamente, unha evacuación ó punto de encontro. Os datos obtidos neste simulacro realizado por todo o colexio serán tidos en conta para a realización final do plan de evacuación.

Para rematar o curso a ANPA novamente organizou, o luns 20 de xuño, unha xornada de xogos ó aire libre para os nenos/as con paracaídas, xogos musicais e inchables.

DIFICULTADES

Consideramos que a utilización dos espazos do colexio de infantil por parte dos usuarios do servizo de comedor nos se axusta ós hábitos traballados na escola, polo que cremos que sería mellor que ocupasen só as dependencias da parte de abaixo do edificio no vindeiro curso.

CARA O VINDEIRO CURSO

Dado que segue aumentando o alumnado con NEAE vemos necesario tamén un incremento de profesorado especialista en AL, PT e persoal coidador formado para as súas tarefas.

Consideramos de moita axuda a presenza dun conserxe a tempo completo no edificio de E. Infantil, sobre todo coa entrada ou saída de alumnos/as ó colexio fora do horario habitual.

Sempre que fora posible solicitar informe ás familias para anticiparnos ao posible alumnado con dificultades e que o profesorado sexa informado, así como de todas as circunstancias que afecten ao ciclo.

Dotar de teléfono as aulas de Infantil facilitaría moito a intervención en casos de incidentes con algún alumno/a.

De cara a comezar o curso que ven, habería que valorar moi ben o estado dos equipos informáticos das aulas, coma é o caso da aula de relixión ou da aula 7.

4.2.- MEMORIA DE 1º - 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Durante o curso 2015-2016 levouse a cabo un proxecto nos niveis de 1º e 2º cursos respectivamente. O proxecto estaba orientado cara o fomento do respecto pola tenza de animais domésticos, ao mesmo tempo que se traballaban outros valores coma: a

solidariedade, a protección do medio ambiente,... Participaron activamente as titoras dos grupos de 1º e 2º, así como algunhas mestras especialistas (PT e música). O noso esforzo foi recompensado coa concesión dun premio por parte da Consellería de Medioambiente que recollemos co gallo da Semana Verde de Silleda. O premio consiste na visita guiada a un parque natural da nosa comunidade autónoma, en concreto ao Monte Aloia, en Tui, que será realizada polos alumnos participantes no proxecto o vindeiro curso escolar.

4.3.- MEMORIA DE 3º - 4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Leváronse a cabo actividades encamiñadas a potenciar a lingua galega: lectura de libros, lectura eficaz ...

Realizamos actividades específicas para mellorar a atención do alumnado: sopa de letras, completar textos, buscar diferencias ...

En colaboración coas bibliotecas do centro e do barrio fixéronse diversas actividades para animar aos nenos a ler. Valoramos positivamente a visita á biblioteca do barrio.

Utilizáronse xogos lóxicos para mellorar o razoamento lóxico matemático.

Seguimos traballando na adquisición de técnicas e hábitos de estudo: realización de resumos, completar textos ...

Séguese a traballar na adquisición de hábitos sociais de comportamento e respecto a todos os membros da comunidade educativa e ás instalacións.

Traballamos no horto escolar continuando co proxecto Voz Natura.

Realizáronse diversas actividades encamiñadas a crear nos alumnos o respecto polo medio ambiente.

Os alumnos realizaron durante o curso diversos traballos de investigación utilizando as novas tecnoloxías e a biblioteca como "Centro de Recursos"

O profesorado de 3º de primaria, considera que a proba individualizada de 3º non acadou os obxectivos, xa que a ausencia do alumnado foi ao redor dun 50%. Por outra parte a organización dos exames e a corrección dos mesmos requiren unha organización dos horarios que repercuten no resto do profesorado e do alumnado do centro.

4.4.- MEMORIA DE 5º - 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Os obxectivos propostos a principio de curso para estes niveis lograronse coa maioría do alumnado, tanto nos aspectos curriculares como en hábitos e actitudes.

A excepción prodúcese co primeiro obxectivo previsto, en canto a conseguir que o

alumnado preste e manteña atención e concentración nas tarefas, evite ruídos, permaneza en silencio... que resulta non só difícil de conseguir, senón de manter no tempo, tanto na aula, como nas filas, nos corredores, nos patios, no salón de usos múltiples, nas saídas. Apreciase unha mellora no comportamento durante as entradas e saídas da aula, pero é preciso seguir incidindo nestes aspectos.

Con respecto aos hábitos e técnicas de estudo, os obxectivos acádanse nun grao axeitado. As dificultades mais grandes mostráronas nas estratexias para a resolución de problemas e, en moitas titorías, no cálculo.

En canto área de lingua resulta mais dificultosa a lectura expresiva, a adquisición e/ou incorporación do novo vocabulario, a corrección ortográfica e sintáctica e a axeitada presentación dos escritos de produción propia.

Traballouse, coma sempre, no uso normalizado da Lingua Galega tanto na expresión oral, coma na escrita. O alumnado en xeral, aprecia e valora o Galego, aínda que non xeneraliza o seu uso.

O alumnado segue a participar nas actividades de Voz Natura.

Seguimos tamén coas actividades propostas no Plan Lector que van explicitadas na memoria do devandito Plan.

Tal como se mencionou nos obxectivos para a PXA, o profesorado destes niveis considera o teatro como unha actividade que contribúe de xeito importante a formación do alumnado. Este curso o alumnado de 5º e 6º participou na preparación e representación da obra "O Lago dos Cisnes". O profesorado colaborou en tarefas de vestiario, maquillaxe

Seguiu funcionando o grupo Bubelas formado este curso polo alumnado de 5º A, que se viu reforzado polo grupo de "Bubeliñas", alumnado de 5ºC de EI, dentro do proxecto O meu amigo maior. Conxuntamente representaron a obras de teatro "Contos de Manuel María".

No presente curso os desdobres para afianzar a conversación en inglés fixéronse de xeito diferente, debido a dificultade dos horarios das profesoras. Estas manifestan a súa intención de seguir cos desdobres e apoios para a mellora da expresión oral, sempre que os horarios o permitan.

O alumnado de 5º seguiu o curso con libros dixitais a través da plataforma EDIXGAL. A valoración, en xeral, é positiva. Ao longo deste primeiro curso dentro do proxecto o traballo foi fluído e sinxelo, sobre todo cos contidos da editorial Netex, agás algún que outro problema que se foi solucionando ao longo do curso. Para que a valoración sexa óptima pensamos que se debería polo menos cargar os contidos, como moi tarde, a primeiros de setembro para poder facer unha boa programación coñecendo

os contidos cos que se vai traballar.

VALORACIÓN DO PROXECTO EDIXGAL

- O feito de apostar por integrar o libro dixital nas aulas de 5º curso supuxo un gran reto e xurdiron certas dificultades e tamén vantaxes que consideramos debemos recoller nesta memoria.
- A primeira dificultade coa que nos atopamos cando empezou o curso foi que a plataforma de Edixgal non estaba activada para que puideramos ver os materiais e ir familiarizándonos coas ferramentas para poder empezar con certa normalidade.
- Logo, cando estivo aberta presentaba moitos problemas técnicos e os alumnos non podían acceder aos materiais o que acarreeu certos problemas coas familias debido á incertidume da implantación e a escasa información polo que se convocou unha reunión extraordinaria para tratar este tema.
- A formación do profesorado implicado tamén chegou tarde e xa avanzado o curso o que non facilitou que se poideran aproveitar todas as posibilidades que ofrecen estas novas ferramentas.
- Os profesores implicados neste proxecto tivemos que aumentar a dedicación e preparación dos diferentes temas e materiais.
- Na materia de inglés por ter que desprazarse os alumnos co seu ordenador a aula de idioma, e para empezar o traballo uns tardaban máis que outros en entrar na materia, debido a problemas coa conexión a internet, polo que dificultaba a marcha da clase.
- Os contidos dos libros dixitais constitúen unha entona onde se atopan contidos, recursos, animación, ligazóns a internet, etc que requiren o desenvolvemento de novas competencias para o manexo eficiente da información e temos que destacar o baixo nivel de competencia tecnolóxica que teñen os nosos alumnos menos favorecidos para acceder a eses contidos.
- Os ordenadores dos alumnos consideramos que teñen una pantalla demasiado pequena polo que supón un esforzo visual e provoca certa fatiga.
- Consideramos que aínda é cedo para facer valoracións excesivamente xeralistas pero en principio a pesar das dificultades e esforzo que supuxo o seu uso, consideramos o libro dixital como un recurso que pode facilitar o proceso que ensino-aprendizaxe.
- O alumnado aceptou con moita naturalidade traballar con libro dixital e

resultou bastante motivador pois puideron acceder a vídeos, dicionarios, abundante material multimedia, etc...

- Tamén favoreceu a adquisición de competencias dixitais e o compoñente audiovisual favoreceu determinados aprendizaxes.
- Pensamos que potencia a autonomía persoal así coma o traballo colaborativo e a creatividade do alumnado.
- Outra dificultade coa que nos atopamos foi con que os recursos tanto da editorial Netex como os de Edebé non se axustan para traballar co alumnado con dificultades de aprendizaxe ou con adaptacións curriculares individualizadas.
- O uso do libro dixital require un cambio metodolóxico no que o profesor se converte nun guía que dirixe e decide como se tratan os contidos dos diferentes temas e debe ensinar a utilizar internet de forma segura e responsable.

O alumnado de 5º tamén participou ao longo do curso no programa GEN10S. A valoración é moi positiva. O monitor conectou moi ben cos grupos creando un bo clima de traballo e de confianza en cada un dos grupos. O traballo en equipo e o xeito de que cada equipo rotar para valorar e coñecer o traballo dos demais foi moi positivo para os nenos.

O alumnado de 6º continuou neste curso a súa andadura no proxecto “ABALAR e no manexo da aula virtual.

Todo o alumnado de 5º e 6º participou nun programa dixital de reforzo matemático, SMARTICK, subvencionado pola ONG “Axuda en Acción”. Iniciouse o programa nas aulas, con sesións diarias durante unha semana, para explicar o seu funcionamento, logo continuou o alumnado realizando as sesións no seu domicilio e seguindo o seu propio ritmo. Polo que podemos observar, algúns alumnos realizaron as súas sesións con asiduidade, pero outro moitos aproveitaron pouco o reforzo que se lles ofrecía. Aínda que depende de outras moitas variables, non se aprecia en xeral unha mellora da competencia matemática no alumnado destes cursos.

Todo o alumnado participou en charlas do proxecto “Navega con rumbo” nun intento de que tomen conciencia dos riscos de internet e tomen as medidas oportunas.

En 6º realizáronse as probas de Avaliación individualizada tal e como prevé a lei, o que supuxo un grande esforzo organizativo por parte do centro para preparalas, pasalas e corrixilas. A participación do alumnado foi moi baixa (un 15%). Descoñecemos os resultados de ditas probas pero non serían significativos para poder tirar conclusións e tomar as medidas pedagóxicas axeitadas.

Tamén participaron nos obradoiros levados a cabo no centro para a integración do centro no proxecto Ancas.

Fixéronse as saídas prevista na PXA. A maiores, todo o alumnado visitou e participou na exposición “Os obxectos no Arte” do Kiosco Alfonso.

O alumnado de 6º realizou a saída de Fin de Primaria dunha duración de tres días a un albergue de eco-turismo.

O alumnado de 5º de Relixión Católica e Evanxélica participou o día 27 de abril nun taller organizado pola ONG “Entreculturas”.

5.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do CEIP Emilia Pardo Bazán do curso 2015-2016 tivo como obxectivo principal potenciar a nosa lingua como linguaxe veicular útil e promover o coñecemento da nosa cultura e a curiosidade polo coñecemento.

ACTIVIDADES REALIZADAS:

*** Actualización do proxecto lingüístico de centro.**

Durante o primeiro trimestre do curso 2015-2016 o Equipo de Dinamización da Lingua Galega actualizou o proxecto lingüístico de centro.

Os resultados das enquisas realizadas ás familias en cursos anteriores, permitiron coñecer mellor a realidade sociolingüística e así adaptar os obxectivos e as actividades o proxecto de fomento da Lingua Galega.

*** Amigos de Feirán.**

Este curso Feirán emigrou a Selva Amazónica en busca de novas aventuras. Na caixa de correo que se creou a principios de curso os alumnos podían deixar a correspondencia. A escasa participación danos a entender que a temática xa está esgotada, polo que teremos que pensar para o vindeiro curso noutro tipo de motivación.

*** Difusión de música galega mediante a megafonía.**

Aproveitamos que no colexio utilízase a música para indicar as entradas e saídas para fomentar a música en lingua galega.

Empregamos este recurso como unha boa forma de difusión e seguiremos traballando con este tipo de potenciación da música galega, pois percibimos que pouco a pouco, o alumnado vaise familiarizando co tema que se lles pon durante o tempo programado.

*** Celebración de festas e tradicións galegas.**

O dar a coñecer as festas tradicionais galegas forma parte das actividades que o Equipo de Dinamización da Lingua Galega organiza. Durante este curso realizáronse as seguintes:

* **O Samaín:** A pesar da estreita colaboración entre o equipo de Inglés e o EDLG para potenciar, ao mesmo nivel, as festas de samaín e Halloween; seguimos a ter serias dificultades para acadalo, debido a cada vez maior presenza da festa anglosaxona na nosa sociedade.

* **O Magosto:** Aparte do tradicional asado de castañas, tentamos non perder a tradición de crear colares de castañas (zonchos), pedíndolle aos nenos e nenas que traían os seus e realizando unha exposición cos mesmos. Con esta actividade tamén pretendemos involucrar ás familias.

Ao final realizamos dous carteis (un cos alumnos de primaria e outro cos alumnos de infantil) onde aparecen os participantes cos seus colares, que foi exposto nos dous edificios e un diploma en agradecemento polo seu esforzo.

-Levouse a cabo un concurso gastronómico en colaboración co equipo de actividades extraescolares, na que as alumnas e os alumnos traían e elaboraban nas súas casas pratos e doces típicos onde o produto principal tiña que ser a castaña. Expuxéronse no taboleiro do colexio e ao final confeccionouse un libro con todas as receitas que aportaron.

* **O Nadal:** No festival de Nadal, organizado en colaboración co equipo de actividades extraescolares, houbo actuacións musicais e de dramatización. Destacamos a dramatización de dúas obras de teatro: “Os Reis Magos, Papá Noel e o Apalpador teñen os seus máis e os seus menos”, e “Onde está o neno”.

* **Día da Paz:** Preparouse unha actividade conxunta de todo o colexio e na que tamén colabora o persoal non docente.

* **O Entroido:** O venres de Entroido realizouse o popular desfile que se organiza en colaboración co equipo de actividades extraescolares e degustáronse produtos típicos destas datas grazas á colaboración da ANPA.

* **Os Maíos:** A “Danza das Cintas” é un baile tradicional galego que se bailaba en moitas aldeas e vilas principalmente no mes dos “Maíos”. Este curso e grazas a colaboración co Equipo de Inglés na Semana das Letras Galegas tivemos a actuación dos alumnos e alumnas de 5º nivel, que interpretaron esta danza.

*** Grupo de teatro interaulas.**

Tras levar varios anos creando grupos de teatro con rapaces e rapazas de diferentes cursos, a actividade está totalmente instaurada no noso colexio. Os actores son nenas e nenos que se presentan voluntariamente para participar, tendo que ensaiar durante algúns recreos.

Durante este curso, continuouse coa labor de divulgación de obras clásicas. Preparouse a representación do “Lago dos Cisnes” de Tchaikovsky cos alumnos de 2º e 3º ciclo. Participando no certame de teatro Candilejas Don Bosco, onde fomos premiados co primeiro premio. As rapazas e os rapaces tiveron a oportunidade de pasar por unha experiencia única coñecendo o mundo do teatro dunha forma máis técnica. O traballo feito polo alumnado e polo profesorado que o coordinou foi impresionante, mostrando unha calidade propia de actores profesionais. A maiores a colaboración das familias para a consecución dos traxes e do persoal non docente do centro, a implicación de gran parte do profesorado para encargarse do coidado do alumnado, a organización do vestiario, a maquillaxe, o son, as luces, o escenario,... fixo posible que se levase a cabo a actividade con éxito.

*** Semana do teatro no colexio.**

Representouse o “Lago dos Cisnes” de Tchaikovsky no colexio Calvo Sotelo á que acudiu todo o alumnado de primaria, que se desprazou coa axuda e colaboración de todo o profesorado. E este ano en vista do éxito obtido en cursos anteriores representárase esta obra no Teatro Colón.

Tamén se representaron outras obras de teatro que foron traballadas en distintas aulas. Xunto cos alumnos de Educación Infantil de 5ºB o alumnado de 5ºA de Educación primaria interpretou a peza de teatro: “Os contos de Manuel María”. E o alumnado de 6º de Educación Infantil: Dramatización do conto “Garavanciño” e “Imos cazar un oso”,... No festival de Nadal destacamos a creación de dúas obras de teatro: “Os Reis Magos, Papá Noel e o Apalpador teñen os seus máis e os seus menos” e “Onde está o neno”.

Esta é unha boa forma de dar a coñecer a todo o alumnado do centro que é o que fan os seus compañeiros, potenciando o uso da lingua galega dunha forma expresiva e lúdica.

*** Exposición interclases de traballos ou contacontos.**

Tendo o galego como lingua vehicular, propónselle a todo o profesorado que aproveite a creación de contos ou outros traballos para expoñelos noutras clases, creando un clima de colaboración e relacións interclases, ao mesmo tempo que as

persoas que realizan a exposición ou contacontos traballan a competencia lingüística, tanto no seu ámbito escrito como oral.

*** Conmemoración do Día de Rosalía.**

Para a conmemoración do día de Rosalía e en coordinación co Equipo de Biblioteca Escolar, preparouse a lectura dun texto durante a Hora de Ler. Para iso pediuse a colaboración de todas as titoras e titores de Educación Primaria para que seleccionasen a unha persoa que represente á súa clase lendo a súa parte do texto pola megafonía, para que puidera escoitalo o centro. Tamén realizáronse dous murais en homenaxe a autora.

Ademais, xunto co CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco, A Laracha, levouse a cabo un traballo multimedia sobre algúns dos poemas da autora.

*** Certame Artístico Literario.**

En coordinación co Equipo de Biblioteca Escolar, convocouse este certame artístico-literario, onde propoñendo textos de Manuel María o alumnado participou debuxando, inventando e creando o seu. Aproveitouse este traballo para decorar o mural das Letras Galegas.

*** Cancións Populares Galegas.**

Para levar a cabo este proxecto contamos coa colaboración dos mestres de música e dos titores. Unha vez seleccionadas as pezas musicais, distribuíronse aos cursos para ser traballadas melódica e ritmicamente nas clases de música, e a parte da letra na área de lingua galega. Ademais buscáronse interpretacións diversas para poñelas na megafonía do colexio para indicar as entradas e saídas, para que todo o alumnado se familiarice coas cancións.

*** Conmemoración da Semana das Letras Galegas.**

Para conmemorar a Semana das Letras Galegas, realizouse un mural cos carteis do homenaxeado deste ano, Manuel María, e buscáronse actividades para suxerirlas aos mestres titores.

Realizouse un mural, coa mesma temática, para o edificio de Primaria e Infantil e preparamos tres festivais diferenciados, debido a falta de espazo. En Educación Primaria houbo dous actos un para 1º, 2º e 3º nivel, outro para 4º, 5º e 6º nivel, e outro día realizouse o de Educación Infantil. O programa consistiu en: Recitado de poesías.

Cancións musicais: “Un aradiño de pau”, “Cantiga da noite”, “O meu burriño”, “Galiza”,...

Dramatización: “Imos cazar un oso”, “Garavanciño”,...

Interpretación da “Danza das Cintas”, ...

Como remate final, agasallouse á comunidade educativa cun díptico da vida e obra do homenaxeado: Manuel María.

*** Realización de carteis informativos co nome das árbores do recinto escolar.**

O EDLG colaborou co proxecto de Voz Natura, potenciando o uso da lingua galega nas diferentes actividades como os traballos de investigación sobre as diferentes especies autóctonas e tamén na elaboración de fichas dos moitos cultivos do horto escolar do centro.

Destacaron os diferentes murais expostos nos corredores do centro, no que sempre se fixeron en lingua galega con contidos medioambientais da nosa contorna.

Un grupo de alumnas e alumnos rotularon en madeira os nomes en galego das diferentes árbores e arbustos do patio. Esta actividade continuarémola para o vindeiro curso.

Aínda que no proxecto inicial non constan, houbo una serie de actividades ás que nos fomos sumando ao longo do curso:

*** Colaboración con outros centros:**

Co gallo do Día Escolar da non violencia e a Paz, varios centros colaboramos na realización da actividade “XUNTARTE, Xuntos pola Arte: Danzas do Mundo”. A actividade levouse a cabo, no Centro Ágora o 27 de xaneiro, cunha exhibición de danzas de diferentes continentes. Os centros colaboradores foron: CEIP Ramón de la Sagra, CEE María Mariño, CEIP San Pedro de Visma, IES Imaxe e Son, e o noso centro que participou nas danzas: Bolero, Danza para todos, The Maypole Dance, Redonda, Muiñeira dos nenos.

No Teatro Colón, o 30 de maio tivo lugar o espectáculo “Arte pola Igualdade” onde se representou a obra de Manuel María “A farsa do rei Bululú” con actores do CEE María Mariño e CEIP San Pedro de Visma. A música estivo a cargo da Banda do Conservatorio Profesional de música e onde o noso centro participou coa “Danza das Cintas”.

Sesiões de Lectura Silenciosa nas aulas e na Biblioteca (con propostas de bibliografía en galego).

Saídas didácticas.

Violencia de Xénero.

Día Mundial da Saúde.

Día do Libro.

Día da Paz.

Nembargantes outras actividades que estaban previstas para este curso, non se levaron a cabo por falla de tempo e por cuestión organizativas:

* Libro viaxeiro en colaboraron co CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco. (Queda pendente de rematar para o vindeiro curso).

* Celebración dos Maios. (Só se puido realizar en colaboración co equipo de inglés a “Danza das Cintas”).

* Concurso de Cancións Populares Galegas. (Non se levou a cabo o “concurso de interpretación”, pero como se expón na memoria si se traballaron as cancións populares galegas).

Revisar os fondos da Biblioteca Escolar. (Pendente para o vindeiro curso).

6.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

A CCP reuniuse 6 veces segundo o calendario establecido pola Dirección.

Nestas reunións a Dirección informou das distintas ordes, disposicións, comunicados... procedentes da Consellería, da Xefatura Territorial ou da Inspección Educativa, así como doutros organismos oficiais ou entidades relacionadas co ámbito educativo, que afectaban á organización e funcionamento do centro. Tamén informou das diversas propostas que parten da Dirección para mellorar a organización e funcionamento da vida escolar. Nas reunións debatéronse estas informacións e os membros da CCP transmitiron os acordos aos diferentes niveis, ciclos, departamentos ou comisións.

Nestas reunións tamén se recolleron e debateron as informacións e propostas que os membros da comisión aportaban procedentes dos niveis, ciclos, comisións ou departamentos.

Deste xeito a CCP cumpriu o seu obxectivo de coordinar a vida escolar do centro e servir de enlace entre todos os membros da comunidade educativa.

7.-DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No presente curso 2015-2016, continuouse por parte da administración educativa, na liña iniciada o pasado curso, de diminución continuada de profesorado de apoio especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, tal e como queda reflectido na táboa seguinte, a pesar de nova incorporación de alumnado con NEAE.

	2013-2014	2014-2015	2015-2016
EDUCACIÓN INFANTIL	1 mestra PT 1 mestra AL	-1 mestra PT -1 mestra AL compartida	-1 mestra PT Compartida -1 mestra AL Compartida
		*Momento de incorporación do alumnado mediático (ademais doutro alumnado con NEAE) ao centro, no que o apoio de AL xa non pode ser diario.	-Nin o apoio de PT, nin o de AL poden ser diarios. - Houbo incorporación de ANEAE en educación infantil e tamén en primaria. *Sinalar que ao comezo do mes de setembro o centro iniciou ás clases sen contar nin con profesorado de PT nin de AL en educación infantil.

No actual curso as datas de incorporación foron:

- Mestra de AL compartida: día 17 de setembro, xa iniciadas as clases.
- Mestra de PT compartida: día 13 de outubro.

ALGÚNS ASPECTOS A DESTACAR:

- Que aínda que a situación mellorou con respecto ao inicio do presente curso, é moi desfavorable con respecto a do curso 2013/14, no que o alumno, coñecido pola repercusión mediática do seu caso, aínda non se incorporara ao centro.
- Que con estas incorporacións tardías e insuficientes do profesorado especialista de apoio, na segunda quincena de outubro se condiciona enormemente a propia dinámica de funcionamento do departamento de orientación do centro xa que:
 - Hai que reorganizar os horarios de apoio.
 - Nos vemos obrigados a facer coincidir que dúas mestras de PT compartan o horario semanal de apoio dun alumno do 5º nivel de educación infantil, o que esixe un maior nivel de coordinación que a situación de compartida dunha delas, e a obrigatoriedade de que todas as sesións do profesorado especialista de PT e AL sexan lectivas, o dificulta e imposibilita aínda máis.
- Durante o segundo trimestre, a inspección educativa obrigou a unha nova

modificación horaria do profesorado do departamento de orientación co obxecto de intentar cumprir as 10 sesións de apoio semanais que o informe do EOE recomenda para un alumno de infantil. O horario complétase ata as 9 sesións semanais, pero queda moi descompensado duns días a outros, dada a situación de compartidas das mestras de PT e AL.

- Que en xeral, a maioría do alumnado que presenta NEAE, recibiu ao longo do curso, unha atención insuficiente para atender adecuadamente as súas necesidades, dado o elevado número dos mesmos, que se incrementa curso a curso, e a diminución de profesorado especialista de apoio levada a cabo no centro.

CADRO DE PROFESORADO ESPECIALISTA PT / AL curso 2015-2016	
PT3 compartida	Educación infantil +1/2 sesión de apoio en aula de EE (martes, mércores e xoves)
PT4	AULA DE EDUCACION ESPECIAL (habilitada desde o curso 2013-2014)
PT2	Alumnado de 1º-2º-3º + 1 sesión e media alumno de infantil
PT1	Alumnado de 4º, 5º, 6º + 1 alumna de 2º
AL compartida	Alumnado de infantil + 3 medias sesións aula de EE (martes, xoves e venres)
AL1	Alumnado de primaria

CADRO DE PERSOAL COIDADADOR A.T.E. curso 2015-2016 (3 alumnos do centro precisan atención continuada)	
A.T.E.1	Educación primaria (1º-2º-4º)*
A.T.E.2	AULA DE EDUCACION ESPECIAL
A.T.E.3	Alumnas de 6º nivel de educación infantil
A.T.E.4	Alumna de 4º nivel + alumnos de 5º nivel de educación infantil.
A.T.E.5 Compartida	Alumnos de 5º nivel de educación infantil (luns, mércores e xoves)

A nivel do Departamento de Orientación, o período caracterizouse por un amplo número de demandas de intervención, e as actuacións tanto a nivel de alumnado, como de familias, referíronse a problemáticas moi diversas.

A valoración e/ou seguimento do alumnado realizouse, na maioría dos casos, a nivel individual, pero tamén houbo algunha a nivel de grupo xa que se realizaron probas colectivas ao alumnado de 1º, e de eficacia lectora nalgúns niveis de Educación Primaria.

CURSO 2015 -16		DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN		
NIVEL EDUCATIVO	Demandas de intervención DO.	ALUMNADO co que se realizou valoración, intervención, e/ou seguimento.	Nº de familias coas que se mantivo algún contacto.	Nº de alumnos para os que se contactou con profesionais externos ao centro
E. Infantil	15	15	15	9
1º	15	15	13	5
2º	8	8	8	5
3º	14	14	11	6
4º	13	11	12	8
5º	7	6	7	4
6º	8	8	7	3
TOTAL	80	76	70	40

Entre as actuacións levadas a cabo ao longo do curso desde o departamento de orientación, e que son inherentes ao mesmo, están:

- Organización dos apoios.
- Reunións periódicas do Departamento de Orientación.
- Drdadi.
- Reunións de coordinación do equipo de atención á diversidade.
- Elaboración, revisións e seguimento de ACIS.
- Peticións de intervención de especialistas EOE.
- Búsqueda e elaboración de material para titores e familias que así o solicitaron.
- Avaliación e/ou seguimento de alumnado e elaboración de informes para: Solicitud de tablet para uso de alumno, Becas MEC, ACI, intervención de EOE, para posibles valoracións no ámbito clínico, derivación a apoios en centros cívicos municipais e para alumnado con NEAE que remata educación primaria.
- Elaboración de listado de alumnado con necesidades de apoio específico, para xustificar a necesidade de profesorado especialista, en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, por riba de catálogo.
- Participación nas sesións trimestrais de avaliación.
- Elaboración de informes trimestrais de alumnado que recibe apoio de PT e/ou AL.
- Elaboración da memoria do DO.
- DRORIENTA.
- Contactos con profesionais externos ao centro:

- EOE
- ASPANAES
- Hospital Materno Infantil. Unidade de Atención Temperá.
- Centros Cívicos de Los Rosales e Labañou.
- Servizo de Inspección.
- Saúde Mental Infantil.
- Profesionais do sector privado que atenden a alumnos do centro.
- Reunión mensual de coordinación con Orientadores da zona.
- Coordinación co instituto da zona, ao que se incorporarán a maioría dos alumnos do centro para cursar a ESO o vindeiro curso: IES Salvador de Madariaga.
- Orientadoras/es de centros de procedencia e ou destino de alumnos do centro, sempre que se considerou necesario obter ou transmitir información sobre a problemática do alumnado.

Outras medidas e actuacións levadas a cabo:

- Dende o DO ofertouse, a nivel de centro, unha xornada sobre a atención ao alumnado con TDAH, que foi impartida por unha profesional colaboradora de ANHIDA.

- Iniciouse a colaboración con COGAMI, para dous alumnos con NEES.

- Amosamos a nosa disposición a participar no programa “Perros y letras” para motivar o interese pola lectura en alumnos con NEAE, pero de momento, non foi posible levalo a cabo.

- Dúas mestras do departamento continuaron potenciando, un ano máis, a inclusión educativa a través da actividade de teatro INTERAULAS, coa participación na mesma, de diverso alumnado con NEAE. Coa colaboración do mestre de música adaptaron a obra “O lago dos Cisnes” e levaron o peso dos ensaios ao longo do curso dos 69 nenos e nenas participantes. Obtiveron novamente o primeiro premio no certame de teatro intercentros “Candilejas” e varias das actrices destacadas son alumnas con NEAE. Sinalar que a nivel de centro, tamén houbo unha ovación e recoñecemento moi especial para a actuación dun alumno de 6º con NEE.

ALGUNHAS DIFICULTADES ATOPADAS AO LONGO DO CURSO

- Continuamos sen atopar unha solución satisfactoria ás dificultades de intercambio de información do departamento de orientación e o profesorado dos diferentes niveis, tras a configuración da nova composición do departamento de orientación coa supresión da LOMCE, dos coordinadores de ciclo.

- Houbo tamén dificultades horarias para a coordinación entre o profesorado do

propio departamento de orientación, e tamén para a coordinación cos titores e as familias, debido a xornada lectiva completa do profesorado especialista de PT e AL, á situación de compartidas de dúas mestras e ao incremento de alumnado con NEAE.

- A imposibilidade de atender adecuadamente ao alumnado con NEAE por falta de recursos.

- A falta de continuidade na propia dinámica do departamento, no primeiro e no segundo trimestre, dificultada especialmente, por aspectos relacionados coa administración educativa, e no terceiro trimestre, debido a que tres mestras do departamento causaron baixa.

PROPOSTAS DE MELLORA

- Mellorar a actuación coordinada, Intentando establecer, na medida do posible, calendarios de coordinación cos titores, familias e profesionais externos que a favorezan.

- Seguir profundizando, a nivel de EI, na aplicación do programa de estimulación da linguaxe oral para a prevención das posibles carencias e retardos nos eidos da fonación, discriminación auditiva, semántica e morfosintaxe no alumnado.

- Incidir, máis se cabe, na detección temperá de necesidades do alumnado, e moi especialmente na educación infantil e en 1º de educación primaria.

- Por parte da administración educativa:

– Dotar ao centro dos recursos de PT, AL e persoal coidador necesarios para atender ás necesidades específicas de apoio educativo do noso alumnado para poder dar continuidade as intervencións xa iniciadas, poder atender ao alumnado que quedou en lista de espera por falta de horario e para adecuar o número de sesións as necesidades reais do alumnado.

ALUMNADO CURSO 2015-2016						CURSO 2016-2017
CICLO	COLEXIO	APOIO Audición e linguaxe	APOIO PT	REFORZO/APOIO doutro PROFESORADO	ALUMNADO CON ACI	REPITE CURSO
INF	206	14	7			0
1º	78	9	4		1	2
2º	66	4	3		0	0
3º	75	2	7	2	2	3
4º	76	2	7		3	3
5º	75	1	2	3	1	2
6º	72	1	1		1	1
TOTAL	648	33	31	5	8	11

7.1. AULA DE EDUCACIÓN ESPECIAL

No centro hai habilitada, desde o curso 2013-2014, unha aula de educación especial, nela atópase escolarizado un alumno que está apoiado en todo momento por unha mestra de pedagogía terapéutica e unha coidadora.

Esta aula foi adaptándose as súas peculiaridades durante todo o curso e foise adaptando as súas necesidades para que o alumno puidera ser o máis independente posible.

O neno acude á aula ordinaria co resto do grupo en distintos momentos da xornada escolar e ás especialidades (música, educación física, inglés e relixión) aínda que non durante toda a sesión, se non que o tempo é variable dependendo das súas condicións persoais.

8.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

No actual curso escolar a Comisión de Convivencia non foi convocada en ningunha ocasión. As problemáticas aparelladas ao incumprimento das Normas de Organización e Funcionamento foron resoltas coa intervención do profesorado e a Xefatura de Estudos, previa audiencia aos interesados e/ou as súas familias en cada un dos procedementos.

A meirande parte das incidencias xurdiron durante o tempo de funcionamento do Comedor Escolar, que logo dunhas propostas realizadas pola Dirección do centro ante a ANPA, esta acordou cos responsables da Empresa Jardanay establecer unhas normas de funcionamento no horario de comedor.

Abriuse un protocolo de acoso escolar a petición da familia dun alumno pero logo das correspondentes investigacións aclarouse que o procedemento non era correcto, posto que a problemática exposta non tiña relación co acoso escolar. As partes implicadas no procedemento foron informadas e resolveuse o incidente por parte da Xefatura de Estudos.

9.- MEMORIA DE BIBLIOTECA.

9.1.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA.

A Comisión da Biblioteca estivo formada durante este curso por diez profesores/as.

*** Adquisición, xestión e organización de novos fondos:**

Adquirimos novos documentos, tanto de información como de ficción, e tanto en soporte de papel como audiovisual ou informático. Dos fondos adquiridos catalogamos 182 documentos. Realizouse tamén un expurgo considerable de 302 documentos que estaban xa moi obsoletos ou deteriorados.

“Programa MEIGA”: Seguimos a empregar o programa “Meiga” de xestión bibliotecaria, para catalogar os novos documentos e xestionar os empréstitos. Durante este curso seguimos tendo problemas coa xestión de fondos emprestados pois nas listaxes de documentos por devolver fora de prazo hai en bastantes ocasións erros: non aparecen algúns ou se mostran outros que sí xa están devoltos. Esta situación deuse tamén en moitas outras bibliotecas escolares que amosaron a súa protesta no foro do PLAMBE, ante a falta de resposta ás súas queixas por parte dos administradores do programa.

Outro motivo de queixa de cursos pasados era que as portadas dos documentos do noso catálogo en internet non aparecían actualizadas. É unha tarefa laboriosa (escaneado, redución do tamaño da imaxe nun programa axeitado e envío por correo coa

asignación do respectivo ISBN) pero pensamos que compensa o traballo, xa que axúdanos a localizar con máis facilidade o documento e tamén aos alumnos, e dá unha visión máis completa. Pero este curso, despois dalgunhas conversas co personal de MEIGA, actualizaron nun tempo razoable. .

Durante este curso, a páxina web de REBECA (base de datos de rexistros bibliográficos do MEC, que actúa como fonte de recursos para a catalogación automatizada) funcionou ben, sen os problemas que tivo en cursos pasados.

*** Préstamos:**

Preparamos os novos carnés de lector para o alumnado e profesorado que chega por primeira vez ao Centro e tamén para os que o perderon. Ademais asígnase a cada número de carnet o curso e aula que lle correspondeu ao seu dono este curso escolar, o que facilita determinadas búsquedas.

Continuamos coa mesma política de préstamos que seguimos ata agora. O 14 de outubro abríuse a Sala e a partir de entón mantívose aberta durante toda a xornada escolar (de 9 a 14 h.) e pola tarde, de 16 a 18 h. (agás o luns) atendida polo profesorado de garda. Efectuáronse préstamos durante o recreo e pola tarde; tamén os titores prestaron ás súas titorías.

Realizáronse 2.162 préstamos. Houbo así mesmo unha moi notable afluencia de alumnos no recreo e poucos pola tarde..

9.2.- DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS. INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

- DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS

Exposicións temáticas:

- **Exposición de Novidades de Outono**, coa que abrimos a B.E. no mes de outubro.
- **Exposición sobre o Medo**, que sempre ten moi boa acollida por parte do alumnado.
- **Exposición de Nadal**, no mes de decembro.
- **Exposición de Novidades de Inverno**, a partir do mes de xaneiro.
- **Exposición de Novidades de Primavera**.
- **Exposición de Quijotes** no mes de abril, con ocasión do IV Centenario da morte de Cervantes. Enviouse ás familias unha comunicación invitándoas a participar nesta exposicións cos seus propios exemplares. Tivo unha notable

acollida e reuníronse decenas de Quijotes, algúns deles con formatos curiosos ou moi antigos.

Día de Rosalía

Con ocasión do día de Rosalía, realizouse unha mostra dos seus libros na Biblioteca e preparouse unha escolma de poemas que foron ofrecidos a todos os grupos de Primaria para ler neste día. Na Hora de Ler, un grupo de representantes dos alumnos recitaron estes poemas pola megafonía.

Día do Libro

Lectura pola megafonía por parte de representantes dos alumnos dunha parte do 1º capítulo do Quijote.

Día das Letras Galegas

En colaboración co EDLG realizouse unha mostra con obras de Manuel María e propúxose ás aulas de Infantil e Primaria diversas actividades cos seus poemas.

Encontros con autores:

- O alumnado de 2º participou nun encontro con **Yolanda Castaño**.
- O alumnado de 3º participou nun encontro con **Xelís de Toro**
- Os encontros do alumnado de 5º e 6º foron con **Gonzalo Moure e Pere Tobaruela**.

Colaboración coa Biblioteca Municipal de Los Rosales:

- Os alumnos dos cursos de 2º e 4º realizaron unha visita a esta B. M. na que participaron en actividades programadas para eles.
- A B. E. colaborou coa B. M. do barrio enviándolles as Guías de Lecturas coas recomendacións para as vacacións. Con elas, confeccionaron uns expositores cos libros recomendados nelas para seguir animando á lectura durante os períodos vacacionais.
- Tamén, antes dos encontros literarios, enviamos correos a B. M. avisando da presenza dos escritores para que no seu recinto montaran unha animación lectora.

Uso da Sala da B.E. como centro de recursos:

- Uso da Sala para presentar e desenvolver diversos obradoiros, actividades de xestión académica, encontros con autores, etc,...
- Utilización dos ordenadores e uso de internet.
- Consulta do catálogo da B.E. en internet.
- Uso de xogos de xadrez no recreo, actividade que tivo unha notable

demanda.

Materiais producidos:

- **Guías:**
- Entregáronse dúas guías de lectura para o alumnado e o profesorado, unha antes das vacacións de Nadal e outra antes das vacacións de verán .
- **Revista dixital:**
Participación na revista dixital do Centro coa elaboración de varios artigos:
 - Lecturas para o Nadal
 - Diplomas “Leóns Dourados” 2016
 - Lecturas para o verán

Diplomas “Leóns Dourados”:

Elaboramos os Diplomas para os “Leóns Dourados”, que se entregan a aqueles alumnos /as que se distinguiron pola súa participación lectora na B.E.

Entregamos un por curso. Nun acto ao fin de curso entregóuselles un obsequio como premio aos máis lectores da B.E., xunto co diploma.

- INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULUM E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

- Realizáronse préstamos ás aulas de documentos relacionados con temas do currículo.
- Utilizouse a B.E. para facer as buscas de información que necesitou o alumnado en temas vinculados ao currículo e de cara a desenvolver as súas competencias lectoras, escritoras e das TIC.

9.3.- FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL

Realizáronse visitas guiadas á B.E. do alumnado (especialmente dos primeiros niveis) acompañados dos seus titores/as para que coñezan ou lembren o espazo físico, a organización dos documentos, e os servizos que ofrece.

Utilizouse así mesmo a B.E. para realizar buscas de información e investigación.

9.4.- FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

Continuamos co “Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida” e colaboramos na elaboración do Plan Anual de Lectura.

(Ver Memoria do Plan Anual de Lectura)

9.5.- AVALIACIÓN

Ao final do curso repartíronse en todas as aulas de Primaria enquisas para os alumnos e máis para os titores e especialistas para avaliar o labor e funcionamento da B. E. Os datos proporcionados por estas enquisas serán tratados e estudados a principios do vindeiro curso e darán unha información valiosa para posteriores actuacións.

10.- MEMORIA DA COMISIÓN TIC.

10.1.- Obxectivos propostos na PXA:

Os obxectivos propostos na PXA acadados neste curso son os seguintes:

- Prestar apoio no mantemento do equipamento informático do colexio constituíndo o primeiro nivel de soporte, previo aviso á Unidade de Atención a Centros e/ou Servizo de Mantemento Externo.
- Realizar un seguemento das incidencias relacionadas co equipamento TIC do colexio.
- Apoiar a realización de actividades de formación no contexto do PFPP (Proxecto de Formación Permanente do Profesorado): Participaron no curso de formación 27 docentes.
- En relación ao Proxecto Edixgal en 5ºEP:
 - Mellorar a competencia dixital do alumnado, profesorado e familias.
4 docentes participaron no curso de formación Edixgal.
 - Obter un maior desenvolvemento das competencias clave para o alumnado.
 - Desenvolver novas metodoloxías didácticas no profesorado.
- Continuar co desenvolvemento das Aulas Virtuais Moodle nos curso Abalar de 6ºEP.

Obxectivos propostos na PXA que están en proceso son os seguintes:

- * Realizar unha limpeza de arquivos e documentos nos ordenadores das Salas de Profesorado recomendando o emprego de memorias externas de uso persoal.
- * Dinamizar a publicación de contidos de actualidade relacionados coa vida escolar do noso centro na páxina web e nos blogues de aula/especialidades.
- * Continuar coa migración do software privativo ao software libre nos ordenadores equipados con Windows XP coa colaboración da UAC.
- * Analizar as necesidades de mellora do equipamento TIC do colexio:

* Incrementar os ordenadores da sala de profesorado de primaria.

* Mellorar ou substituír os ordenadores obsoletos: Aula de ERE Evanxélica, PT1, Aula Específica de EE, portátil do SUM, Educación Infantil.

Obxectivos propostos na PXA pendentes:

* Informar ás familias do colexio sobre as diferentes ferramentas de control parental para garantir unha navegación segura pola internet.

Obxectivos non incluídos na PXA do actual curso escolar e se acadaron:

- Incluíronse os blogs dos docentes na web do colexio
- O alumnado de 5º e 6º de Primaria participou no plan Navega con Rumbo.
- Recibíronse da Unidade de Atención a Centros un computador portátil e un de sobremesa para uso da administración.
- Adquiríuse un robot "bee-bot" programable para educación infantil.
- Contratouse unha empresa de mantemento para revisar, actualizar e intentar dar solución aos problemas que xeran os equipos informáticos.

Propostas de mellora:

- Resaltar e facer fincapé, na PXA do próximo ano, que todas as actividades educativas van documentarse en soporte visual.
- Traballar coas familias sobre as diferentes ferramentas de control parental na internet.
- Dado que a revista electrónica e-journal desaparecerá da rede a partir de xuño de 2016 e que, por tanto, no se poden publicar máis contidos nela (os artigos publicados ata entón gravaranse nun soporte externo), e necesario enriquecer a páxina web a través da publicación de maior número de artigos que dean visibilidade ao labor educativo do centro.

11.- MEMORIA EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (EACE).

En base aos obxectivos propostos para a PXA ó inicio do curso escolar 2015-2016 que estamos a rematar, consideramos que se alcanzaron os obxectivos propostos.

Utilizamos as actividades propostas por este Equipo co fin de fomentar a formación e a participación dos alumnos deste centro. Para iso realizáronse as seguintes actividades:

- **Festa de inicio de curso.** Organizamos unha serie de xogos no patio do colexio despois da hora do recreo. Tamén fixemos un cartel de benvida no mural do edificio de Educación Primaria.

- **Festa do Magosto.** Organizouse o asado das castañas para todo o colexio. Leváronse as castañas para os nenos de Educación Infantil para o seu patio onde houbo a visita dunha castañeira. Os nenos de Educación Primaria baixaron das aulas en dúas quendas para comer as castañas e participar nos distintos xogos que estaban distribuídos polo patio. Xunto co EDLG houbo un concurso de zonchos e unha recollida de receitas feitas con castañas. Fíxose un libro con todas as receitas recollidas e está na biblioteca do colexio. Tamén entregamos uns diplomas a todo o alumnado participante. Elaboramos o mural da entrada do colexio de Educación Primaria.
- O 25 de novembro conmemoramos o “**Día da non violencia de xénero**” co lema de “Ninguén é o teu dono”. Fixemos un mural para traballar o alumnado do 5º e 6º nivel que tivo que completar a frase “ Non te deixes....”
- **Festa do Nadal:** Organizamos unha mostra de cancións de Nadal e pequenas pezas de teatro. O mural fíxose coas aportacións de cada titoría, o conxunto de todas elas foi a felicitación do colexio. Tendo en conta que temos un horto escolar, tamén fixemos unha árbore con macetas e o profesorado de relixión fixo unha recollida de cartas de Reis.
- **Día da Paz:** Este curso o lema foi “A paz empeza cun sorriso nos teus beizos” e a canción elixida por este Equipo para cantar todos xuntos nas pistas superiores foi “A min me respectas”.
- **Entroido:** Este curso coincidiu coa celebración do IV Centenario da morte de Cervantes, polo que este Equipo decidiu que unha data tan importante ben merecía que a celebráramos dun xeito lúdico á vez que homenaxeábamnos a tan insigne escritor. Polo que este curso o Entroido ó adicamos aos personaxes do Quixote. Todo o alumnado desde Educación Infantil ao sexto nivel de Educación Primaria vestiuse de Sancho Panza, Don Quixote, Dulcinea, Miguel de Cervantes, Muíños, a xente do común e os grandes Señores daquela época. O profesorado de Inglés, tamén rendeu a súa pequena homenaxe a William Shakespeare. No mural da entrada do edificio de Educación Primaria, aproveitáronse cousas do mural do “Día da Paz”, e colocouse unha paisaxe dos muíños de Castela. Rematamos coa degustación de produtos típicos destas datas, para o que contamos coa colaboración da ANPA.
- **Rastrillo Solidario:** Coa colaboración de todo o Equipo de Extraescolares, o profesorado do Colexio e o equipo de Conserxería e Limpeza organizouse

o Rastrillo Solidario. Este curso o diñeiro recadado donouse á “Cociña Económica”

- Colaborouse tamén co equipo de Biblioteca na elaboración e colocación do mural en conmemoración do **Día do Libro**.
- **Letras Galegas**: En Educación Primaria houbo unha mostra de poesías de Manuel María, onde cada clase tiña a liberdade de recitalas, cantalas ou dramatizalas. En Educación Infantil recitaron e cantaron tamén poesías de Manuel María. Este equipo axudou ao EDLG que foi quen organizou esta mostra, en todo o que se lle solicitou.
- **Día de Rosalía**: Organizado polo EDLG fíxose un recital na hora de lectura de poesías desta autora.
- **Semana do Teatro**: Este curso a semana do Teatro limitouse a unha representación por parte do grupo de teatro interaulas da peza teatral titulada “O lago dos cisnes” que se fixo no Colexio Calvo Sotelo para todo o alumnado de Educación Primaria, e tres representacións da obra “Os contos de Manuel María” interpretada polos grupos Bubelas e Bubeliñas dentro do proxecto “O meu amigo maior”. Estas representacións foron para todo o alumnado de Educación Primaria e para os pais dos actores un día pola tarde.
- Rematamos coa tradicional **fiesta de xogos inchables** que aporta a ANPA deste colexio.

Ademais este equipo tratou de colaborar sempre en todas aquelas actividades que así llo demandaron.

MEMORIA DAS ACTIVIDADES DE INGLÉS

Durante o presente curso 2015-2016 o departamento de inglés desenvolveu as seguintes actividades complementarias, á parte das que se levaron a cabo dentro da programación específica de cada nivel:

1.- Celebracións tradicionais anglosaxonas:

1.1 *Halloween* (31 outubro):

- * Exposición de cabazas
- * Mural alusivo

1.2 *Christmas* (Nadal - decembro):

* Participación no festival de Nadal coa panxoliña “*All I want for Xmas is you*”

* Elaboración de postais de Nadal (*Xmas cards*)

1.3 Easter (Pascua – abril):

* *Easter egg hunt*: Búsqueda dos ovos de Pascua polo patio

* *Easter bonnet parade*: Desfile de gorros de Pascua

2.- Charlas e obradoiros de relatores angloparlantes:

Ao longo do curso contamos coa presenza de varios relatores/as anglosaxóns que desenvolveron as seguintes charlas e/ou obradoiros dirixidos aos alumnos/as de 5º e 6º de Primaria co obxecto de mellorar a súa competencia oral en inglés:

- *English... sing it!* (14 setembro 2015): Brenda Handford (profesora inglesa) e concerto musical a cargo do grupo “Blue Smoke”
- *British school life* (7 outubro 2015): Susana Barreiro (profesora inglesa)
- *Born in the USA* (26 novembro 2015): Bryon Boyce (axudante de conversa californiano no IES. Salvador de Madariaga)
- *Wales forever* (8 xaneiro 2016): Betham Thomas (investigadora biomédica galesa)
- *I love London* (10 marzo 2016): Lara Blanco e Carmen Fraga (guías turísticas bilingües do concello de A Coruña)
- *Irish for a day* (17 marzo 2016): Declan Mathews (profesor irlandés)
- *Houston, we’ve got a problem* (28 abril 2016): Germaine (axudante de conversa de Houston no CEIP. San Marcos de Abegondo)
- *A little bite of the Big Apple* (23 maio 2016)): Isabel González (neoiorquina)
- *Storytelling: “Dear zoo”* (xuño 2016): Susana Barreiro (británica)

3.- Teatro:

O 2 de decembro de 2015 asistimos no propio centro ás seguintes representacións teatrais en inglés a cargo da compañía madrileña Face2Face, subvencionadas pola ANPA e o colexio:

- “*Busy Bee*”: 6º Ed. Infantil e 2º de Primaria (2 representacións)
- “*The time machine*”: 4º e 6º de Primaria (2 representacións)

4.- Outras actividades:

- Reading Club (cada trimestre): lectura obrigada de 3 títulos adaptados aos diferentes niveis (4º - 5º - 6º de Primaria)

- Penpals (ao longo do curso): intercambio de cartas con alumnos/as do colexio St. James' Church of England Primary School de Manchester, coa colaboración da profesora Ms. Jackie Fay
- Xmas Jumper Day (13 decembro 2016):_ día do xersei de nadal, como concienciación de axuda aos necesitados
- Xuntarte (27 xaneiro 2016): obradoiro de danzas británicas, con actuación no teatro Ágora para conmemorar o Día da Paz, xunto cos centros CEE. María Mariño, CEIP. San Pedro de Visma e CEIP. Ramón de la Sagra.
- Pancake Race (12 febreiro 2016): xogo tradicional británico propio do tempo de Entroido, consistente nunha carreira de filloas
- Cookery Club (xuño 2016): obradoiro de cociña, coa elaboración dun postre típico inglés: *Trifle*

5.- Prácticas Erasmus:

Asimesmo, facer constar que este curso contamos coa presenza dunha alumna alemá en prácticas Erasmus, cun grao en Educación pola Universidade de Koblenz: **Simone Backendorf**. Estivo no noso centro durante un período de 2 meses, dende o 15 de febreiro ata o 15 de abril de 2016, acompañando á mestra especialista de inglés en todos os grupos de Educación Infantil e nos tres grupos de 5º de Primaria. Ademais, desenvolveu esporádicamente tarefas de auxiliar de conversa en inglés noutros niveis. A experiencia resultou altamente enriquecedora, tanto pola mellora da competencia oral dos alumnos/as como polo intercambio cultural experimentado.

11.2.- MEMORIA DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Como en cursos anteriores, o alumnado do noso colexio participou nunha serie de actividades extraescolares: algunhas tiveron lugar fora do centro e outras leváronse a cabo nas instalacións do Colexio.

A maioría das actividades nas que participamos forman parte do programa “Coruña Educa” que oferta o Concello da Coruña. Participamos nos seguintes programas:

- **Concertos Didácticos** (programa que oferta a Orquesta Sinfónica de Galicia): Participou todo o alumnado de Primaria (de 1º a 4º: “Pedro e o Lobo; 5º e 6º: “Don Quixote”) O alumnado de Educación Infantil non puido asistir xa que non había prazas suficientes.

- **Programa de Teatro “Todo Público”** (levase a cabo no Forum Metropolitano): Participou o alumnado do 1º e 2º nivel. Asistiron a representación das obras “Xoga” e “Aladdin”.

- **Programa “Rutas Urbanas”**. Participou o alumnado do 1º e 2º nivel que visitaron a Praza de Maria Pita e o Xardín de San Carlos.

- **Programa de “Educación Ambiental”**. O alumnado de 5º nivel participou no programa “A ruta da auga”, con visita a Estación de A Telva, así como nos obradoiros previos á visita.

- **Programa “Visitas”** (visitas a instalacións culturais, empresariais... da cidade. Participa todo o alumnado de Primaria (1º nivel: Fábrica de Bonilla, 2º nivel: M.A.C., 3º nivel: M. de Belas Artes, 4º nivel: M.A.C., 5º nivel: Museo Arqueolóxico e 6º nivel: Torre de Hércules)

- O alumnado de 2º e 4º nivel visitou a Biblioteca Municipal dos Rosais.

Este curso tivo lugar nas instalacións de “A Fundación” a exposición “Tradición, cambio e innovación”. Tanto algúns cursos de Infantil (3 grupos) como de Primaria (9 grupos) visitaron esta exposición.

O alumnado de 5º e 6º nivel visitou outra exposición con obras do Museo do Prado que tivo lugar no Quiosco Alfonso.

O alumnado do 1º e 2º nivel participou no programa “Protexe os animais” da Consellería de Medio Ambiente. Fixeron actividades nas aulas acadando un dos premios, polo que acudiron a Silleda (o alumnado de 2º) onde participaron nunha serie de obradoiros.

Dentro da colaboración que mantén o colexio coa O.N.G. STOP ACCIDENTES desenvolvemos o programa ANCAS, e leváronse a cabo unha serie de actividades (obradoiros de chapas para 1º e 3º, obradoiro de bicicletas para 2º, charlas para os restantes cursos de Primaria).

O alumnado de 5º e 6º participou nas charlas “Navega con rumbo” sobre Internet.

O longo do curso todo o alumnado participou en múltiples actividades levadas a cabo polo profesorado de Inglés (Teatro...), Relixión; E. Física., Titores... así como dentro do Plan Lector (*Yolanda Castaños, Gonzalo Moure, Xelis de Toro* e outros escritores e ilustradores) mantiveron contacto na Biblioteca cos noso alumnado.

Un grupo formado por 3 alumnos/as de 5º curso de primaria e unha mestra titora de 5º EP asistiron en Madrid ao Encontro Anual de GEN10S Party.

O colexio participa de novo no Concurso de Teatro “Candilexas Don Bosco” coa obra “O lago dos cisnes”, e acadou de novo o primeiro premio deste concurso.

O alumnado de 5º nivel participou nos programas “Xuntarte” e “Arte pola igualdade”, celebrados no “Agora” e no “Teatro Colón”.

O Obradoiro de Xadrez contou cunha elevada participación, celebrándose no

centro o “I Torneo EPB” con reparto de medallas...

- **Saídas de fin de curso:** Educación Infantil e 4º nivel visitaron a Granxa Escola de Beelle, 1º e 2º nivel a explotación gandeira da Casa Grande de Xanceda, 3º e 5º visitaron Betanzos e o alumnado de 6º nivel realizaron a saída de fin de curso ao albergue de Alvarella (no Parque Natural das Fragas do Eume)

11.3.- MEMORIA DO HORTO ESCOLAR

A comisión do horto escolar considera que se cumpriron satisfactoriamente os principais obxectivos que se pretendían lograr durante o presente curso escolar.

O traslado de Educación Infantil ao novo edificio non favoreceu que o alumnado fixese un seguimento dos diferentes cultivos nas diferentes parcelas aínda que cabe destacar o proxecto de Piet Mondrien da aula de no que coas cores de diferentes cultivos reflexaban o cadro do pintor. A parcela dos máis pequenos tamén destacou pola abundancia de produtos de horta recollidos.

Para o vindeiro curso haberá que plantexar a posibilidade de que E.I. dispoña doutra zona de cultivo próxima ao aulario para facilitar o seguimento dos cultivos e as diferentes actividades propostas.

As zonas de cultivo exteriores da etapa de primaria foron demasiado extensas, o seu mantemento non foi doado pola abundante choiva e abundantes temporais, polo que teremos que ir acotando terreo e traballar máis no invernadoiro e na aula da natureza que se habilitou este curso para facer semilleiro e diferentes experimentos.

O esforzo económico que se fixo para acondicionar o invernadoiro e instalar un sistema de rego automático, facilitou moito o traballo e os froitos obtidos nas diferentes parcelas asignadas a 4º, 5º e 6º de primaria foron moi bos e abundantes.

A resposta do alumnado foi moi satisfactoria e a motivación está garantida pero o maior problema é o número de alumnos que impide que realicen tódalas sesións que nos gustaría para un mellor aproveitamento didáctico.

Percibimos que pouco a pouco os alumnos aprenden como se cultivan as diferentes verduras e hortalizas ademais das diferentes plantas ornamentais.

Continuamos coa ampliación do xardín botánico que se está intentando conseguir.

Consideramos que mellorou o respecto as zonas recuperadas do patio e o labirinto xa se converteu nunha zona preferida de xogo no tempo de lecer e polo tanto tentamos ampliálo o máximo posible. Este ano ampliouse un pouco máis e estanse a facer xanelas e diferentes elementos.

Cando o alumnado leva os produtos cultivados para a súa casa co compromiso de

consumilos, pretendemos promover hábitos saudables.

Seguindo o calendario de cultivos do horto e atendendo as características de cada planta, prantexamos aumentar a variedade de cultivos.

As actividades foron numerosas:

- Preparación da terra.
- Plantacións de: nabos, repolos, allos, cabazas, millo, patacas, cebolas, escarolas, leitugas, fabas, xudías, chícharos, tomates, pementos, sandías e calabacins...
- Limpeza, coidado, conservación e ampliación do labirinto cunha gran implicación por parte do alumnado.
- Plantacións de bulbos e plantas ornamentais en distintas zonas do patio.
- Coidado e plantacións no pequeno "viveiro" para conseguir novas plantas.

Todas estas actividades desenvolvéronse contando coa participación dos titores/as e as coordinadoras de cada e ciclo.

Temos que destacar o interese que manifesta o alumnado por este tipo de actividades que na maioría dos casos serve como fío condutor para introducir os diferentes contidos do currículo.

11.4.- MEMORIA DA COMISIÓN DE TEATRO

No curso 2015-2016 creouse esta comisión ante a necesidade de dar cobertura ao Proxecto de teatro, en colaboración con Axuda en Acción.

A comisión definiu como propias as funcións de:

- DAR COBERTURA A OBRAS QUE SE REPRESENTARON TANTO DENTRO COMO FÓRA DO CENTRO ESCOLAR.
- COLABORAR NA PARTE TEATRAL DOS FESTIVAIS: NADAL/LETRAS GALEGAS.
- ORGANIZAR O ALMACÉN DE TEATRO.

Os integrantes da comisión dividíronse en equipos encargados de:

- Compra de material para grupo de teatro interaulas.
- Arranxos e mantemento de vestiario.
- Creación de atrezzo .
- Asistencia ao equipo interaulas nos ensaios finais .
- Maquillado e vestido dos actores/actrices do programa interaulas.
- Tutelaxe dos actores e actrices durante as funcións.
- Asistencia a cursiño de maquillaxe ofertado por Axuda en Acción.

- Cartelería e material audiovisual

En moitas destas tarefas colaboraron persoas alleas á comisión.

12.- MEMORIA DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

12.1.-TRANSPORTE ESCOLAR

Durante este curso utilizaron o servizo de transporte escolar da Consellería de Cultura, Educación e O. U. un total de 16 alumnos/as residentes no Portiño.

O servizo de transporte correspondeu ao igual que en cursos anteriores á empresa Autos Lista.

12.2.- SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, PROGRAMA DE MADRUGADORES E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

O Anpa do CEIP Emilia Pardo Bazán xestiona os servizos de Comedor, Madrugadores e Actividades extraescolares, e colabora en distintas actividades do dito centro.

Ademais este curso 2015-2016, o ANPA organizou o 2º Campamento de Verán no que participan máis de 50 nenos e nenas. Así mesmo organizou o I Campamento de Nadalcon 17 inscritos.

A presente memoria recolle os datos máis relevantes clasificados segundo as distintas actividades que desenvolvemos:

1. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR E MADRUGADORES

Continuamos coa empresa Jardanay durante o curso 2015-2016 que ten o contrato vixente para o curso 2016-2017.

Esta empresa foi a encargada de prestar os servizos de madrugadores e de comedor, xestionando os menús e o persoal. Os dous servizos supoñen un apoio importante á conciliación familiar e laboral das familias dos nenos e nenas que acoden ao centro.

A empresa prepara bolsas de pícnic para os nenos de comedor que van de excursión.

Tamén se encargan de tramitar en nome da ANPA a presentación da subvención da Xunta de Galicia para o comedor.

A relación coa empresa Jardanay foi satisfactoria e colabora coa ANPA na realización de actividades extraescolares e festas como a de fin de curso. A comunicación coa empresa é fluída e houbo información e resposta rápida as demandas plantexadas.

Houbo certos incidentes e queixas polo que tentaremos mellorar o servizo o

vindeiro curso.

1.1. PROGRAMA DE MADRUGADORES

O Concello subvenciona unha parte do custo deste servizo, afectando ao importe mensual que paga cada familia.

No mes de xuño do 2015 solicitouse a renovación da dita “colaboración” co Concello para o curso 2015-2016. Na actualidade non tivemos comunicación do concello sobre a renovación do convenio polo que entendemos que continuará vixente.

Durante este curso houbo 113 (dato pendente de actualizar) inscritos nalgunha das modalidades, todas elas con ou sen almorzo.

1.2. PROGRAMA DE COMEDOR

A Xunta de Galicia, ata o de agora, subvenciona unha parte deste servizo no curso escolar seguinte ao que se recibe. No meses de febreiro e marzo de 2016 fixemos as transferencias de pagamento da subvención para o curso 2014-2015.

Por primeira vez non se remitiron cheques polo que a xestión para os pais e nais foi moito máis rápida e sinxela.

O dato de asistentes no mes de xuño era de 276 nas distintas modalidades.

2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O longo deste curso participaron aproximadamente 260 nenos e nenas en distintas actividades (incluíndo as actividades do Concello). Como moitos deles repiten en máis dunha actividade, o número total de inscricións en actividades é de case 400, o que supuxo manter e incluso incrementar a participación do curso pasado.

Porén, ao longo do curso prodúcese novas altas, baixas e modificacións.

2.1. ACTIVIDADES CREATIVAS E DE MOVEMENTO DESENVOLTAS POR “AXIÑA”

Continuamos co programa de actividades extraescolares ofertado pola empresa de tempo libre AXIÑA, S.L. Os totais por actividade foron:

Actividade (no remate de curso)	Fin de curso 2016	Fin de curso 2015
Judo (infantil/primaria)	39	32
Teatro	14	19
Patinaxe	33	(non había)
Cociña	18	15
Baile moderno	10	(zumba) 16
Informática (maiores / pequenos)	Non hai	16
Maxia	Non hai	7
TOTAL ACTIVIDADES AXIÑA	114	105

En xeral todas as actividades teñen unha valoración positiva na súa acollida, desenvolvemento e resultados (se ben este ano algunhas actividades non funcionaron correctamente polo que para o vindeiro curso propóranse cambios relevantes).

Podemos resumir a consecución de obxectivos do programa do seguinte xeito:

- Proporcionar desfrute persoal.
- Despertar creatividade, participación, iniciativa e maxinación.
- Desenvolver habilidades ou técnicas propias de cada actividade (expresión e dominio corporal, motricidade fina, aprendizaxe de normas, hábitos hixiénicos relacionados coa comida, ...).
- Socializar e educar en valores: desenvolver habilidades para a interacción cos demais, o respecto, o compañeirismo, a convivencia, a tolerancia, o valor do esforzo e a mellora, a autoestima, o orde e a organización, etc.

Fixéronse dúas exhibicións relevantes: Nadal e Fin de curso.

A relación coa empresa Axiña non foi completamente satisfactoria, xa que se ben sempre non houbo moitos incidentes graves, repetíronse queixas e determinadas actividades.

2.2. ACTIVIDADES DEPORTIVAS

As actividades deportivas ofertadas pola ANPA durante este curso foron: fútbol sala, baloncesto, ximnasia rítmica e balonmán. Tamén se ofertaron judo e baile moderno (comentadas no apartado anterior debido a que son xestionadas pola empresa Axiña).

A xestión destas actividades estivo baseada na contratación de servizos e convenios con clubs deportivos. En todos os casos a relación cos clubs foi moi satisfactoria e non houbo problemas de organización nin de comunicación, agás co club de balonmán, razón pola que se substituíu por un monitor licenciado en INEF no derradeiro mes de curso.

XIMNASIA RÍTMICA. Empresa TEMPO. En total, 25 participantes, a maioría de infantil e primeiros cursos de primaria.

BALONMÁN. Convenio co Club OAR Coruña e posterior substitución por un monitor, con 10 participantes.

NATACIÓN. Este curso continuamos co Programa Municipal de Natación Escolar no que participaron aproximadamente 18 nenos de 2º Ciclo de Primaria tódolos luns de 17:00 a 18.00 horas.

FUTBOL SALA E BALONCESTO. As actividades de fútbol sala e baloncesto tiveron lugar un ano máis por convenio co Club Deportivo Los Rosales. Este club asumiu a

xestión completa das actividades.

No mes de xuño de 2015 procedeuse a renovar o convenio co Club Deportivo. Remataron o curso 54 nenos e nenas en fútbol e 56 en baloncesto.

(información pendente de actualizar polo club deportivo)

2.3. POE, DEPORTE NO CENTRO (CONCELLO DA CORUÑA / Federación Provincial de ANPAS)

Para este curso mantívose a oferta municipal do Programa de Ocio Educativo (POE), dirixido a nenos/as de Educación infantil e 1º Ciclo de Primaria, e Xogos para Educación Infantil (Deporte no centro).

Nas actividades organizadas polo Concello no marcos dos programas que desenvolve en colaboración coa Federación Provincial de ANPAS, participaron:

* Programa Deporte no Centro: 14 inscritos

* Programa de Ocio Educativo: 48 inscritos

Pendientes da confirmación de datos polo Concello, o vindeiro curso escolar manteranse as ditas actividades.

2.4.2. CAMPAMENTO DE VERÁN 2016 e 1º CAMPAMENTO DE NADAL

Por segundo ano, o ANPA Milnen@s puxo en marcha un campamento de verán con máis de 50 inscritos. No mes de setembro o Consello Escolar do CEIP Emilia Pardo Bazán reunido coa finalidade de valorar a proposta de actividades aprobou o Campamento de Verán remitido pola directiva da ANPA Milnenos e tamén o I Campamento de Nadal.

As actividades do 2º campamento estanse a desenvolver nos locais do colexio azul (antigo colexio de Educación infantil) sen prexuízo das saídas previstas, que se celebrarán sempre que as condicións climatolóxicas o permitan.

En concreto, utilizaranse dúas aulas na planta baixa do inmobile, así como os aseos e o patio cuberto. Tamén poderán utilizarse a pista deportiva anexa e a horta.

O campamento desenvolverase nas ditas instalación ao longo do período non lectivo que vai dende o 23 de xuño ao 31 de xullo, e do 1 ao 8 de setembro de 2015.

Agardamos que a actividade teñan continuidade no tempo e un maior apoio das Administracións interesadas nas vindeiras edicións, para poder colaborar con esta importante medida de conciliación familiar e incluír, na medida do posible, melloras adicionais.

2.5.FIN DE CURSO E AVALIACIÓN DE ACTIVIDADES

Como remate e clausura do curso, na semana do 13 ao 22 de xuño fixéronse diferentes mostras, exhibicións e xornadas de pais/nais contra fillos/as nas distintas

actividades. Durante este curso avaliamos as actividades para axustar a oferta e a demanda e ofrecer máis variedade para o vindeiro curso.

Como novidade o próximo ano incluiremos novas actividades deportivas e culturais e melloraremos a calidade das mesmas

En concreto, incorporaremos para o curso 2016/2017 as seguintes actividades (sempre que exista un volume de demanda suficiente):

- a) Dos programas municipais Deporte no Centro e POE: solicitaremos a inclusión das actividades de maior interese
- b) Outras actividades: baile tradicional galego, pandeireta, sonorama (actividades musicais), loita, capoeira, voleibol, robótica, ioga, etc.

3. OUTRAS ACTIVIDADES REALIZADAS POLA ANPA DURANTE O CURSO 2015-2016

- Xestión dos pedidos de chándal, camisetas, etc.
- Subvención das equipacións e materiais precisos para as actividades deportivas e extraescolares.
- Festa de Entroido no pavillón de Cocheras (coa empresa Axiña)
- Colaboración co Acto de Despedida dos alumnos de 6º de Educación Primaria o 22 de xuño e entrega da foto de grupo a cada un d@s alumn@s
- Festa de fin de curso no Colexio os días 20 e 21 de xuño (coa empresa Axiña).
- Colaboración co colexio nas festas de Magosto, Nadal, Entroido,...
- Mostras e exhibicións de actividades extraescolares en Nadal e fin de curso

Como mellora para o vindeiro curso, puxemos en marcha unha aplicación on line que permitirá progresivamente unha xestión máis áxil e eficiente das actividades e comedor tanto para os pais e nais asociados como para a propia directiva e a súa actividade ordinaria, monitores e colaboradores. Ademais permitirá á dirección do centro un mellor control das actividades cando o estime preciso. En todo caso, como novidade que é precisará un período de adaptación e mellora.

13. SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

13.1. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO CONCELLO

Realizáronse case todas as solicitadas desde o centro, agás a reparación das pistas deportivas exteriores situadas ao carón do paseo marítimo

Segue a estar pendente de completar a reparación e a eliminación das aristas e das fendas no material vitrificado do edificio de educación primaria por ter causados numerosos incidentes entre os usuarios do centro en cursos anteriores.

Tamén están pendentes as rehabilitacións dos aseos do alumnado do 2º e 3º andares e patio cuberto de primaria (comprometidos en cursos anteriores por outras corporacións municipais).

O compromiso de renovar a cuberta do edificio de educación primaria foise aprazando desde a data prevista (1º trimestre do actual curso) ata o período estival.

13.2. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O. U.

Relación de equipamento e mobiliario recibido:

Artigo	Unidades
Mesa de reunión con 6 cadeiras	1
Taboleiro de cortiza	1
Lupa binocular para alumnos	2
Mesa de ordenador con 2 taburetes	1
Armario librería	1
Equipo de motricidade interior	1
Bloques de construción	1
Pizarra interactiva	2
Ordenador persoal sen monitor	1
Monitor TFT/LCD	1
Mesa profesorado con sillón M-14	1

Quedan pendentes de solucionar as seguintes necesidades:

ZONA EXTERIOR ANTIGO EDIFICIO EDUCACIÓN INFANTIL

- Reposición do teped ou cemento na zona de xogos.

EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- Reforma de servizos de profesorado e alumnado no 2º e 3º andar.
- Insonorización da aula de música e de A.L.
- Portas de saída con sistemas de apertura antipánico.
- Eliminación das fendas existentes en diversas dependencias do edificio de primaria.

PISTAS POLIDEPORATIVAS EXTERIORES

- Acondicionamento do pavimento.

Necesidades de equipamento:

- Dotación de ordenadores na aula de ERE2 Católica e Evanxélica.
- Renovación dos ordenadores de sobremesa das aulas de infantil e

primaria.

13.3. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO PROPIO CENTRO.

- Instalación dun novo pavimento no Salón de Usos Múltiples de primaria.
- Acondicionamento dun espazo para o almacén de teatro escolar.
- Transformación do antigo comedor escolar nun espazo multidisciplinar que permitira a recuperación do material de laboratorio espallado polo centro, a realización de actividades de plástica, de obradoiros do proxecto ANCAS, de actividades de cociña co alumnado de infantil ou festa de despedida do alumnado de 6º curso de primaria.

15. LIBROS DE TEXTO E MATERIAL COMPLEMENTARIO

(VER ANEXO I)

CEIP. EMILIA PARDO BAZAN

LIBROS DE TEXTO CURSO ESCOLAR 2016-2017

Código de centro: 15021627

Enderezo: TRAVESIA DE LOS ROSALES S/N

Concello: A CORUÑA

Correo

Teléfono: 981-276781

electrónico: ceip.emilia.pardo.corunha@edu.xunta.es

Curs o e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
1º PR.	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 1. 1º TRIMESTRE . ANAYA	9788467847284	G
1º PR.	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 2. 2º TRIMESTRE . ANAYA	9788467847291	G
1º PR	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 3. 3º TRIMESTRE . ANAYA	9788467847307	G
1º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 1 ANAYA	9788467865035	C
1º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 1. CUADERNO 1. ANAYA	9788467867626	C
1º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 1. CUADERNO 2. ANAYA	9788467867633	C
1º PR.	MATEMATICAS	MATEMATICAS 1. CUADERNO 3. ANAYA	9788467867640	C
1º PR	INGLES	BUGS WORLD 1. PUPIL´S BOOK MAC MILLAN	9780230407466	I
1º PR	CASTELLANO	LENGUA CASTELLANA1. PRIMEROS PASOS. PAUTA. SANTILLANA	9788468018577	C
1º PR.	LECTURA	MILHOJAS 1. LECTURAS. ANTOLOGÍA. ANAYA	9788467846003	C
1º PR	LECTURA	A NAVE DOS LIBROS. LECTURAS 1. SANTILLANA-OBRADOIRO	9788499720845	G
1º PR	VALORES	VALORES SOCIALES Y CÍVICOS1. CON RAZON. ANAYA	9788467836387	C
1º PR	RELIXION	RELIGIÓN CATOLICA 1. ANAYA	9788467876048	C
2º PR	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 2. 1º TRIMESTRE. ANAYA	9788467877175	G
2º PR	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 2. 2º TRIMESTRE. ANAYA	9788467877182	G
2º PR	GLOBALIZADO	APRENDER E CRECER XUNTOS 2. 3º TRIMESTRE. ANAYA	9788467877199	G
2º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 2. ANAYA	9788467874228	C
2º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 2. CUADERNO 1. ANAYA	9788467874136	C
2º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 2. CUADERNO 2. ANAYA	9788467874143	C
2º PR	MATEMATICAS	MATEMATICAS 2. CUADERNO 3. ANAYA	9788467874150	C
2º PR	INGLES	BUGS WORLD 2. PUPIL´S BOOK. MAC MILLAN	9780230407480	I
2º PR	INGLES	BUGS WORLD 2. BUSY BOOK. MAC MILLAN	9780230719026	I
2º PR	CASTELLANO	LENGUA CASTELLANA 2. SANTILLANA	9788468025469	C
2º PR	LECTURA	MILHOJAS 2. LECTURAS. ANTOLOGÍA. ANAYA	9788467875102	C
2º PR	LECTURA	ROLDA DE LECTURAS 2. ANAYA	9788466790192	G
2º PR	VALORES	VALORES SOCIALES Y CIVICOS 2. CON RAZÓN. ANAYA	9788467874914	C
2º PR	RELIXIÓN	RELIGIÓN CATÓLICA 2. ANAYA	9788467876062	C

CEIP EMILIA PARDO BAZAN

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
3º PR	INGLES	EXPLORERS 3 ACTIVITY BOOK. OXFORD	9780194508933	I
		SÓ TERÁN QUE MERCAR O ACTIVITY BOOK DE INGLES		
		O RESTO DOS LIBROS DE TEXTO OS RECIBIRÁN GRATUITAMENTE AO INICIO DO CURSO ESCOLAR EN CALIDADE DE PRÉSTAMO		
4º PR	MATEMAT.	MATEMATICAS 4.VICENS VIVES. (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS)	9788468228815	C
4º PR	CIENCIAS SOCIAIS	SOCIAIS 4. VICENS VIVES	9788468228983	G
4º PR	CIENCIAS NATURAIS	NATURAIS 4. VICENS VIVES	9788468228433	G
4º PR	CASTELLANO	LENGUA 4. VICENS VIVES. (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNÑOS)	9788468228358	C
4º PR	GALEGO	LINGUA 4. VICENS VIVES (LIBRO DIVIDIDO EN TRES CADERNIÑOS)	9788468228679	G
4º PR	INGLES	EXPLORERS 4 CLASS BOOK . OXFORD	9780194509978	I
4ºPR	INGLES	EXPLORERS 4 ACTIVITY BOOK. OXFORD	9780194509091	I
4º PR	VALORES	VALORES 4. VICENS VIVES. (NON MERCAR LIBRO)	9788468229324	C

CEIP. EMILIA PARDO BAZAN

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
5°		NON HABERÁ LIBRO DE TEXTO EN PAPEL		
		PROGRAMA EDIXGAL - LIBRO DIXITAL		
		NOS PRIMEIROS DIAS DE SETEMBRO HABERÁ UNHA REUNIÓN COAS FAMILIAS PARA INFORMARLLES SOBRE O LIBRO DIXITAL		
6° PR		NON HABERÁ LIBRO DE TEXTO EN PAPEL		
		PROGRAMA EDIXGAL - LIBRO DIXITAL		
		NOS PRIMEIROS DIAS DE SETEMBRO HABERÁ UNHA REUNIÓN COAS FAMILIAS PARA INFORMARLLES SOBRE O LIBRO DIXITAL		

CEIP. EMILIA PARDO BAZAN

EDUCACION INFANTIL				
3 ANOS	RELIXION	HOLA JESÚS, aprende y sonríe. EDITORIAL S.M.	9788467587265	C
4 ANOS	MATEMAT . (1)	CUADERNO MATEMÁTICAS 2. ED. ANAYA	9788467815894	C
4 ANOS	RELIXION	HOLA JESUS .aprende y sonrie EDITORIAL S.M.	9788467587272	C
4 ANOS	ESCRITURA (1)	CUADERNO DE ESCRITURA LETRILANDIA N°1 (PAUTA MONTESSORI-ESPIRAL. EDITORIAL TAMBRE EDELVIVES)	9788426371393	C
5 ANOS	MATEMAT.	CUADERNO MATEMATICAS 3. EDITORIAL ANAYA	9788467815900	C
5 ANOS	ESCRITURA	CUADERNO DE ESCRITURA LETRILANDIA N° 2 PAUTA MONTESSORI-ESPIRAL EDITORIAL TAMBRE-EDELVIVES	9788415165873	C
5 ANOS	ESCRITURA	CUADERNO DE ESCRITURA LETRILANDIA N° 3 PAUTA MONTESSORI-ESPIRAL EDITORIAL TAMBRE-EDELVIVES	9788426371416	C

(1) SÓ PARA OS GRUPOS DE INF 5º A – INF 5º C (CHELO E CARMEN CRUZ)

A Coruña, 15 de Xuño de 2016.

O Director,

Asdo.: José Manuel García Yanes